


**MEMORIA DE ACTIVIDADES
2010**



**Amigos
da Terra**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
QUEN SOMOS?	5
PLATAFORMAS ÁS QUE PERTENCEMOS	7
ÁREAS	8
RESIDUOS	8
CAMBIO CLIMÁTICO	13
COOPERACIÓN	19
CONSUMO RESPONSABLE	27
CONSERVACIÓN E USOS DA TERRA	31
RECURSOS	34
AS CORCERIZAS	34
ASESORÍA XURÍDICA	47
SERVIZO DE VOLUNTARIADO	58
Servizo de Voluntariado Local	58
Servizo de Voluntariado Europeo	61
SERVIZO DE COMUNICACIÓN	63
GRUPO COMARCAL DE PONTEVEDRA	68
ACTIVIDADES NO 2010	71
CON QUEN COLABORAMOS NO 2010	74
ONDE ESTIVEMOS NO 2010	77

INTRODUCCIÓN

A andaina de **Amigos da Terra**, integrada na rede de Amigos de la Tierra e de Friends of the Earth International, presente en máis de 77 países e con máis dun millón de socios e socias, comeza en Galicia no ano 1997. Desde entón, desenvolvemos un traballo constante na configuración dun consolidado ideario e o seu reflexo en proxectos reais que impliquen á cidadanía no seu compromiso en prol do medio ambiente.

Consideramos como prioritaria unha acción integradora e transversal, tanto dende a perspectiva das institucións públicas como do cambio dos hábitos de consumo e modos de vida. Vivimos nunha situación de crise enerxética e doutros problemas ambientais relacionados co modelo de desenvolvemento actual, no que podemos e debemos identificar e aplicar solucións integrais, que conduzan cara outros paradigmas e impliquen a todos os axentes.

Para lograr as nosas metas definimos e empregamos as metoloxías máis axeitadas, valorando a transcendencia e potencial das diferentes ferramentas e estratexias de comunicación para chegar á sociedade.

Dende esta perspectiva, podemos definir **o ano 2010 como un ano de grandes logros para Amigos da Terra, un ano de novas colaboracións, traballo en rede e reforzo da asociación.**

Iniciamos un proceso de fortalecemento da asociación na comarca de Pontevedra, coa implantación dunha nova sede en Vigo e un departamento de comunicación ambiental. A relevancia do proxecto radica no consorcio cunha entidade especializada no eido da comunicación, AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios), que á vez que integra uns principios e valores afíns aos de Amigos da Terra. Esta colaboración, deu comezo un ano antes, desenvolvendo un proxecto de sensibilización que permitiu dar a coñecer o traballo que levamos a cabo no Golfo de Fonseca (Honduras, O Salvador e Nicaragua) en temas de pesca artesanal sostible, e co que continuamos durante o 2010.

Deste xeito, estamos creando sinerxías e mellorando a nosa comunicación grazas á experiencia de AGARESO, e ao mesmo tempo estamos formando aos xornalistas sobre como tratar o tema da cooperación con enfoque ambiental. Tamén, estase a revitalizar o movemento ecosocial da zona de Vigo, poñendo en marcha novas actividades e campañas.

Paralelamente, e evidentemente ligado a este feito, estase incrementando a base social e o interese das persoas voluntarias polas nosas actividades. Así mesmo, continuamos co traballo en rede, a través de colaboracións con outras entidades e integración en novas plataformas, poñendo ao servizo de distintos colectivos e persoas os recursos cos que contamos na asociación: asesoramento xurídico, As Corcerizas, comunicación e voluntariado.

Ademais da relación con outras entidades, estamos máis implicadas na comunicación coa nosa propia rede de grupos locais a nivel estatal e internacional, visibilizando as nosas fortalezas a través dunha web cada vez máis dinámica e rica en contidos, e compartindo os medios dos que dispoñemos.

O pasado 2010, foi en definitiva un ano no que con máis forza que nunca, a pesar das dificultades xerais do contexto no que estamos, e grazas á base de socios/as e voluntarios/as, a experiencia, profesionalidade e implicación do equipo técnico, e a rede tecida con outros grupos, camiñamos cara un novo modelo ambientalmente máis sustentable e socialmente máis xusto.

QUEN SOMOS?

Amigos da Terra é unha organización non lucrativa que sempre destacou por plantexar unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e construtiva, que apoia aquelas iniciativas que van xurdindo e axuda a mellorar a nosa contorna desde a práctica e a acción. **Amigos da Terra** forma parte da rede nacional e da internacional Friends of the Earth, a rede de grupos ecoloxistas máis extensa do mundo, presente en máis de 77 países.

Os nosos obxectivos:

- Protexer o medio ambiente, entendido no máis amplo senso.
- Defender os intereses xerais dos/as consumidores/as, baseados en criterios de sustentabilidade.
- Promover alternativas baseadas no desenvolvemento sostible.
- Mellorar a calidade de vida das comunidades humanas en todas as súas facetas.
- Promover a educación integral a todos os niveis e en todos os ámbitos, incluíndo de forma destacada a promoción de actitudes positivas e activas de cara ao medio e á igualdade entre os sexos e actitudes pacifistas.

A nosa misión:

A nosa misión é fomentar un cambio global e local cara a unha sociedade respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

A nosa visión:

Un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade en harmonía coa natureza.

Os nosos principios:

Amigos da Terra é unha asociación ecoloxista que ademais declárase:

- Xusta e solidaria
- Próxima ás persoas
- Comprometida socialmente
- Global e local
- Construtiva e positiva
- Educativa
- Activista e reivindicativa
- Aberta e dialogante
- Pacifista e non violenta
- Democrática e participativa
- Independente e laica

Como nos organizamos:

Xunto con outras organizacións análogas e homónimas, está integrada en Amigos de la Tierra, unha ONG clásica no estado español, que vén traballando de forma continuada fai xa 30 anos. Esta organización basea o seu traballo nos distintos grupos locais, presentes en vinte e unha provincias de todo o estado.

Esta organización forma parte a súa vez de Friends of the Earth International (Amigos da Terra Internacional), organización internacional nada nos Estados Unidos, Gran Bretaña e Suecia no ano 1971 e que foi estendéndose ata o día de hoxe a 77 países dos 5 continentes. España figurou como membro no ano 1979. No ámbito europeo existe outra estrutura supranacional chamada Friends of the Earth Europe (Amigos da Terra Europa).

Aínda que pareza unha estrutura un tanto xerárquica, permite unha total independencia de acción dos grupos de cada nivel, sendo estes, órganos de coordinación e representación. Polo tanto, respéctase sempre a independencia e liberdade dos grupos.

En **Amigos da Terra**, o máximo órgano de goberno reside na Asemblea Xeral, que se reúne, como mínimo e de xeito ordinario, unha vez ao ano. Nela examínanse os balances económico e de actividades do ano anterior, débátese as diferentes propostas para o seguinte exercicio e elíxense os cargos da xunta directiva. Na asemblea poden participar todas as persoas asociadas con voz e con voto.

Entre asemblea e asemblea, o órgano decisorio é a xunta directiva, que se reúne unha vez ao mes. Actualmente a xunta directiva está composta por cinco membros coas seguintes funcións entre os que se distribúe a representatividade da asociación aos distintos niveis.

Xunta Directiva:

Presidencia: Paula Vidal
Secretaría: Manuel Coia
Tesourería: Susana Soto
Vocal de Activismo e Comunicación: Antón Lois

Onde Estamos

Na actualidade contamos con dos sedes na comunidade galega, unha en Ourense e outra, inaugurada a principios do mes de setembro na cidade de Vigo. O noso ámbito de actuación é toda Galicia, e tamén actuamos en países como O Salvador, Honduras e Nicaragua onde nestes intres estamos desenvolvendo proxectos de cooperación.

PLATAFORMAS ÁS QUE PERTENCEMOS

- Representante do Consello Forestal de Galicia
- Membro do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente
- Suplente do Consello Galego de Medio Ambiente
- Membro da Comisión da Rede de Espazos Naturais de Galicia
- Membro da Comisión de Comercio Xusto e na Comisión de Incidencia da Coordinadora Galega de ONGds
- Membro da Plataforma cidadá redondelá en contra da variante da A-57
- Membro da Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro
- Membro da Plataforma Galiza Non Se Vende
- Membro da Plataforma Galega Antitransxénicos
- Membro do Foro Social Galego
- Membro do Consello da Xuventude de Galicia
- Membro da Rede de Abogados para la Defensa Ambiental (RADA)
- Membro da Plataforma Salva o Tren
- Membro da Plataforma A Ría Non Se Vende
- Membro de Alianza Galega polo Clima
- Membro da Coordinadora para a protección da Fauna Salvaxe
- Membro de Galicia Mellor Sen Touradas
- Colaborador da Universidade Rural Galega
- Membro de COOP57 Galicia

ÁREAS

RESIDUOS

1. INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos, a principal preocupación de **Amigos da Terra** no campo dos residuos foi o imparable aumento na xeración de lixo, provocando a falta de reflexión dos diferentes sectores, sobre o aumento insostible na xeración de residuos, ao considerarse esta un indicador de "calidade de vida". Por outra banda, cada vez son máis os países, que como parte do seu desenvolvemento económico aumentan a cantidade de residuos xerados, mediante a imitación de erróneos modelos occidentais, e sen unha estratexia posterior para a xestión destes residuos.

A pesar de que a primeira R da xerarquía europea de xestión de residuos é a Redución, aparecendo así en leis, plans e programas, non se obteñen resultados neste sentido, senón todo o contrario. O Plan Galego de Xestión de Residuos, tería que terse aprobado ó longo de 2010, pero o prazo foi incumprido. O primeiro borrador do mesmo, perdeu a oportunidade de amosar un plan de xestión innovador, comprometido e ambientalmente responsable, amosándonos un Plan baseado e políticas continuístas e reincidentes en vellos erros, que lonxe de buscar solucións a un problema, non fixeron máis que perpetualo.

Por iso, o principal obxectivo da área de residuos é o de concienciar, informar e formar, a través da educación ambiental e a mobilización da cidadanía sobre a problemática ambiental xerada polo exceso de xeración de residuos, e as alternativas existentes. É deste xeito como se traballa a redución de residuos, a través da xente, a súa concienciación e a súa participación na procura de solucións que faga a nosa sociedade máis sostible.

Todo este traballo conta coa participación activa de persoas técnicas, voluntarias e colaboradoras da asociación, que participaron ó longo de todo o 2010 tanto na organización de accións como nas fases de concepción dos proxectos e a difusión do concepto de redución a través de todas as actividades formuladas nas campañas.

Obxectivo xeral da área:

Durante o ano 2010, continuáronse traballando as liñas de traballo enmarcadas dentro da estratexia para a área de residuos aprobada para os anos 2008-2010, polo que os obxectivos propostos enmárcanse dentro dunha formulación con maior prazo temporal. Sendo o principal obxectivo da área o de "demostrar que a redución da xeración de residuos sólidos urbanos é posible, así como o tratamento da fracción orgánica municipal mediante compostaxe", o traballo centrouse en ambas as liñas de traballo, dándolle unha prioridade real á redución de residuos.

2. EDUCACIÓN AMBIENTAL

A educación ambiental constitúe un eixo fundamental no traballo desta área. Durante este pasado ano, podemos destacar:

2.1 Campaña Zonas Libres de Bolsas (ZLB)

Durante todo este ano, traballamos na elaboración, difusión e implantación desta campaña en todos os grupos de Amigos de la Tierra, co obxectivo, de reducir e progresivamente eliminar as bolsas dun só uso dos nosos hábitos cotiás, así como a sensibilización sobre o prexuízo deste tipo de residuos. A campaña estivo dirixida a establecementos comerciais, asociacións, administracións, centros de ensino e persoais individuais.



Centos de persoas e establecementos decidiron formar parte dela, abandonando o uso de bolsas dun só uso, pero é de destacar a adhesión á mesma da Asociación de Comerciantes de Ourense, que comprende a mais de 700 establecementos, que a partir de entón traballan co compromiso de reducir cada vez máis a distribución gratuíta das bolsas de plástico.

2.2 Compostaxe

Durante o ano pasado, os programas de compostaxe foron moi diversos. Continuamos cos habituais programas de compostaxe doméstica, no Municipio de O Grove, esta vez con 150 familias.

Ademais disto, iniciamos un programa de compostaxe Comunitario en dous centros de ensino do Concello de Marín, no que se implicaron responsables políticos, profesores, persoal do centro e alumnos/as. A fase de seguimento rematou en outubro, e na actualidade, continúan eles co proceso, contando co noso asesoramento vía correo electrónico e teléfono.



Tamén impartimos diferentes formacións en Asociacións de veciños da provincia de Ourense, nas que desenvolvemos obradoiros teórico prácticos co fin de amosar unha alternativa de xestión, e capacitándoos para a súa posta en práctica.

E no mes de novembro, participamos nas primeiras xornadas da Rede Estatal de Compostaxe, en Navarra, nunha mesa redonda na que se intercambiaban experiencias sobre diferentes iniciativas de compostaxe levadas a cabo en Comunidades Autónomas.

3. SENSIBILIZACIÓN

Ao longo de todo o ano, desenvolvéronse diferentes materiais, accións e campañas de sensibilización, destacaremos algunhas das máis importantes:

3.1 Guía de redución de residuos

A guía, realizada xa en 2009, constitúe un bo elemento para o traballo en concienciación e sensibilización respecto da problemática dos residuos, pero sobre todo un excelente guiión no que atopar alternativas e con iso capacitar á poboación cara a acción.

A guía propón unha visión integral, tratando os residuos, desde o momento no que empeza a súa problemática, no consumo, pasando polo produto que finalmente se converterá en residuo, o tratamento do mesmo nos fogares e finalmente o seu adecuado depósito para a súa posterior xestión municipal.

A súa difusión realizouse a través de diferentes canles: envío postal a receptores de interese, reparto en feiras e eventos, descarga do formato electrónico a través da páxina web e envío por correo electrónico.

3.2 Accións de rúa

Durante o ano realizáronse varias accións de rúa, celebrando efemérides ambientais, como foi o caso do "Día da Terra", o 22 de abril, o "Día sen Bolsas" o 3 de xullo ou a "Semana Europea da Prevención de Residuos" en novembro. Para a celebración nas rúas de todas estas datas, contamos con voluntarios/as da asociación, que participaron na elaboración das accións e no seu desenvolvemento e avaliación.



3.3 Campaña de sensibilización en praias

Nos meses de xullo e agosto, estivemos nos areas do municipio de Marín, traballando cos usuarios/as das praias nunha campaña de sensibilización para a redución de residuos e a mellora da súa xestión nestes febles ecosistemas.

Para isto, levamos a cabo obradoiros, xogos e reparto de información todos os venres, e dirixidos fundamentalmente ao público adulto.



3.4 Campaña anticonsumista

En datas sinaladas como o Nadal ou os "días de", que fomentan o consumo desmesurado, realizamos esta acción de distribución de "tarxetas de exención de agasallo" para fomentar que os agasallos que se fagan sexan inmateriais e baseados en experiencias persoais. A distribución foi feita integramente por vía electrónica, ben a través de descargas na paxina web ou por envío por correo electrónico.

4. FORMACIÓN

4.1 Curso de Educación Ambiental da Universidade de Vigo

Ao igual que o ano anterior, neste pasado, volvemos a impartir, dentro do Curso de Educadores Ambientais da Universidade de Vigo, o módulo de residuos. Foron cinco sesións teórico prácticas acompañadas de dúas visitas. O curso concluíu coa realización de prácticas laborais por parte de 3 alumnos/as na asociación.

5. PRESIÓN POLÍTICA

As nosas principais reivindicacións a nivel autonómico foron enfocadas fundamentalmente cara o novo Plan Galego de Residuos Sólidos Urbáns, aínda que traballamos tamén en reivindicacións puntuais como aportacións as alegacións á Lei estatal de residuos.

Respecto ao Plan Galego de Residuos, aínda non publicado na actualidade, é destacable o afianzamento do noso traballo en conxunto coa Federación Ecoloxista Galega (FEG). Ao longo de todo este ano, realizamos conxuntamente diferentes traballos de presión política tales como:

- As alegacións ao borrador do Plan de residuos, nas que tamén participaron dende a Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA).
- A Realidade da incineración en Galicia: Máis adiante, e derivado da evolución da situación e as declaracións que xurdían por parte da Consellería de Medio Ambiente, apoiando o modelo de xestión actual, volvemos a elaborar un documento crítico sobre a situación da incineración en Galicia e as nosas propostas para un modelo alternativo a este.
- Varias notas de prensa e artigos de opinión, relacionados coa actualidade no eido dos residuos e fundamentalmente críticos respecto ao borrador de Plan Galego de Residuos.

E preciso dicir, que todas as accións que desenvolvemos este ano, neste eido, tiveron un carácter, a parte de crítico, sempre totalmente propositivo e construtivo, buscando o

obxectivo de acadar un modelo de xestión descentralizado, baseado na redución de residuos, coa compostaxe como a mellor das alternativas e co rexeite da incineración.

6. CONCLUSIÓNS

O ano 2010 pode considerarse positivo para a área, principalmente polo afianzamento da liña de traballo da redución de residuos, obxectivo marcado dentro da estratexia para a área de Residuos aprobada para os anos 2008-2010.

A campaña “Zonas Libres de Bolsas” afianzouse coa adhesión de unha boa parte dos establecementos comerciais ourensáns e coa incorporación de centos de persoas a nivel particular e colectivo de diferentes puntos do territorio galego. Foi grazas a isto que se conseguiu que Amigos da Terra fora considerada un referente nesta reivindicación e comezara a ser coñecida entre moitas máis persoas.

É importante destacar a implicación de voluntarios/as na área, que permitiron que moitas accións puideran ter lugar e resultaran moi satisfactorias.

Os programas de compostaxe doméstica continuaron afianzándose, ampliando participantes e diversificando a nosa acción neles, ben a través das formacións puntuais en asociacións ou nos proxectos con centros de ensino, xa de xeito colectivo.

Podemos destacar como parte negativa, o escaso ou case nulo apoio das administracións no financiamento deste tipo de programas a moitos Concellos interesados, e cos que presentamos diferentes convocatorias, e dos logros obtidos a nivel reivindicativo, posto que o traballo foi duro e os resultados acadados non foron de todo satisfactorios para o panorama galego actual.

Para rematar, comentar que algo moi enriquecedor para a asociación foron as alianzas feitas con outros grupos ecoloxistas, especialmente coa Federación Ecoloxista Galega e a Sociedade Galega de Educación Ambiental, coas cales traballamos fundamentalmente en reivindicación e presión política, creando sinerxías e facendo que o traballo conxunto resultase moi positivo para as tres.

CAMBIO CLIMÁTICO

1. INTRODUCCIÓN

Ao longo deste ano traballamos co obxectivo de achegar máis a área de Cambio Climático á cidadanía, e facela máis participativa e visible.

Mantendo os nosos eixes de traballo da educación ambiental e a presión política, levamos a cabo campañas e proxectos que nos permitiron, por un lado, trasladar a problemática do Cambio climático e as alternativas ás persoas, e por outro, presionar aos nosos responsables políticos, co fin de conseguir unha xustiza climática para a nosa sociedade.

Tentouse ó longo deste ano, establecer sinerxías con outros colectivos ecoloxistas e sociais, aumentar a visibilidade da área na sociedade a través dos medios de comunicación, e o achegamento aos nosos gobernantes para facerlles chegar por un lado as nosas reivindicacións e por outro as nosas propostas de alternativas.

O Centro de Educación Ambiental As Corcerizas foi neste ano un recurso fundamental para esta área, como ferramenta de demostración da viabilidade das alternativas das que falamos.

Deste xeito, logramos informar e concienciar da problemática da situación enerxética, promovendo a análise e a reflexión, e sensibilizando sobre as consecuencias do Cambio Climático.

2. EDUCACIÓN AMBIENTAL

2.1 Programa A “Aposta en Fogares” en Cuntis e Caldas de Reis

“**A Aposta en fogares**” foi un proxecto de educación ambiental posto en marcha nos concellos de Caldas de Reis e Cuntis por **Amigos da Terra**, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os dous concellos implicados. Iniciouse en outubro do 2009 e rematou en decembro de 2010.

O reto formulado dende o principio tiña un dobre obxectivo, por unha banda, acadar unha redución dun 5 % no consumo enerxético do total dos fogares participantes e por outra, promover un cambio de actitude na cidadanía cara un consumo máis responsable.

Das 80 familias que iniciaron o programa (40 en cada concello), finalmente completárono 56 (31 de Caldas e 25 de Cuntis), que foron aquelas das que se puideron obter datos dos seus hábitos de consumo mediante unha enquisa inicial e unha final. Se ben e certo que foron menos, 18 en total, as familias das que se puideron obter ademais datos de



consumos eléctricos, xa que as propias familias tiñan que facilitar as facturas da luz.

Amigos da Terra facilitoulles ademais, un manual de consellos e recomendacións de aforro e eficiencia no fogar, un pack de aforro enerxético con perlizadores e redutores de caudal para as billas, lámpadas de baixo consumo, un termómetro, unha regleta con interruptor e un reloxo de area (controlador de tempo para ducha) e tres obradoiros (enerxía, auga e transporte), repartidos ao longo de todo o ano, para a aprendizaxe da aplicación destes consellos e aclarar dúbidas.

Os resultados deste programa non podían ser mellores. Os participantes de Caldas de Reis, acadaron unha redución dun 5 % no consumo enerxético co respecto aos consumos do período base (o que supuxo deixar de emitir 530,54 Kg de CO₂), e os de Cuntis, lograron reducir un 9% o consumo enerxético dos seus fogares (o que supuxo deixar de emitir 852,3 kg de CO₂), o que quere dicir que en ámbolos dous casos acadouse o reto do aforro dun 5%.

Así mesmo, durante o 2010, tamén estivemos traballando na elaboración da Memoria de Resultados do Proxecto "A Aposta en el Barco de Valdeorras".

2.2 Seminario Cambio Climático “Tecendo redes para o cambio” en As Corcerizas”

Do 3 ao 10 de xullo levamos a cabo en As Corcerizas o Seminario de cambio climático “Tecendo redes para o cambio” no que participaron compañeiros/as de Bélxica, Madrid, Reino Unido, Galicia e a asociación Oïkos de Francia.



terreo para cada un dos temas tratados.

Para abordar esta ampla temática tiveron lugar distintas actividades, charlas e debates sobre consumo responsable, permacultura, decrecemento económico, bioconstrución, métodos para xestionar os nosos residuos, etc., converténdose nun espazo de intercambio no que se asentaron unhas bases sólidas para futuras colaboracións entre os países implicados e, deste xeito, identificar alternativas de redución da pegada de carbono e accións prácticas sobre o

A área de cambio climático de **Amigos da Terra** tivo especial relevancia no seminario, como organizadora en colaboración coa sede estatal, e como participante e responsable de moitas das actividades: charla sobre cidades en transición, obradoiro de construción de fornos solares, visita ao equipamento (enerxías renovables e bioconstrución), obradoiro de astronomía, etc.

3. SENSIBILIZACIÓN

3.1 Feiras Bioterra e Alternalia

No mes de xuño asistimos a diferentes feiras de ámbito medioambiental coma a Feira **Bioterra** en Carballiño, (Ourense) e a Feira **Alternalia** en Moaña (Pontevedra), nas cales realizamos actividades de difusión sobre a problemática do cambio climático, mediante a impartición de obradoiros prácticos de aforro enerxético, construción de fornos solares, e técnicas de bioconstrución.

3.2 Día da Terra

Para conmemorar o Día da Terra, que se celebra a nivel internacional o día 22 de abril, organizamos conxuntamente con outras organizacións ecoloxistas de Galicia unha andaina polo clima. Esta actividade levouse a cabo o día 24 de abril na localidade de Cerceda en A Coruña, partindo dende a central térmica de Meirama ata a incineradora de residuos urbanos de SOGAMA, dúas das mais grandes plantas contaminantes da atmosfera. Durante o percorrido fixéronse varias paradas, realizando diversas representacións teatrais sobre as temáticas de residuos, transxénicos, transporte e enerxía para concienciar sobre a problemática do cambio climático.

3.3 IV Xornadas de Intercambio de Experiencias do programa Fogares Verdes

Este ano tivemos novamente a oportunidade de participar nas IV Xornadas de Intercambio de Experiencias do programa Fogares Verdes, que se levaron a cabo no Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM), en Valsaín-Segovia, os días 24, 25 e 26 de marzo. Durante estas xornadas presentamos mediante un póster o noso proxecto desenvolvido nas localidades de Caldas e Cuntis.

4. PRESIÓN POLÍTICA

4.1 Campaña S.O.S Clima

S.O.S. Clima é unha campaña de Amigos de la Tierra cun obxectivo claro: conseguir unha lexislación estatal en materia de clima para abordar a problemática do cambio climático. No 2010 se presentaron dous informes para enviar a entidades políticas e conseguir esa ansiada Lei de Cambio Climático en España.

4.2 Estudio del 40%

Amigos de la Tierra Europa e o Instituto de Medio Ambiente de Estocolmo, presentaron o “Estudio del 40%” que inclúe como Europa pode reducir as súas emisións en a lo menos, un 40% respecto ao 1990 e un 90% de cara ao ano 2050.

A investigación titulada orixinalmente como “Europe’s Share of the Climate Challenge: Domestic Actions and International Obligations to Protect the Planet” (*El papel de Europa en el Reto Climático: acciones internas y obligaciones internacionales para*

proteger el planeta) prevé este obxectivo mínimo de reducións en Europa en termos de escala e tempo para poder evitar unha catástrofe climática, sendo a maneira de que Europa cumpra coa súa responsabilidade histórica de causar o cambio climático.

O Estudo contén algunhas das cifras máis importantes de emisións, xunto aos exemplos prácticos dos cambios que deberían acontecer, en varios sectores, a medio e longo prazo na transición dunha economía baixa en carbono. Algúns dos sectores son o transporte, a vivenda, a industria e os sistemas enerxéticos e eléctricos. En Galicia preséntase este “Estudio del 40%” conxuntamente co Informe “Oportunidades para una ley de Cambio Climático en España basada en presupuestos de Carbono”.

4.3 Informe “Oportunidades para una ley de Cambio Climático en España basada en presupuestos de Carbono”

Amigos de la Tierra presentou en verán un informe para estudar unha posible lei de cambio climático en España: “Oportunidades para una ley de Cambio Climático en España basada en presupuestos de Carbono”.

Ao longo destes últimos meses do ano e con motivo da presentación do informe, leváronse a cabo distintas reunións institucionais nalgúns comunidades autónomas co fin de promover o compromiso político de cara a fixar uns límites de redución de emisións e o establecemento de sancións para quen exceda de ditas limitacións.

A proposta baséase na creación dun marco legislativo xeral en todo o Estado e unha normativa rexional que supón estudar medidas concretas para a redución das emisións de gases contaminantes que se adapten á situación de cada rexión en materia de transportes, de xeración de enerxía e outros ámbitos, e marcar prazos para que se cumpran. O informe permite determinar quen ten máis responsabilidade e como se distribúe, e supón facer un seguimento e monitorización sobre a evolución dos límites fixados creando, ao mesmo tempo, un sistema de penalizacións no que “quen contamina, paga”.

En Galicia será obxectivo estudar a viabilidade económica, xurídica e social dunha lei de cambio climático autonómica.

4.4 Documental “Manual de uso para una nave espacial”

Amigos de la Tierra estreou o documental sobre o cambio climático retratando as diversas realidades sobre un dos problemas máis complexos do noso tempo e formula a urxencia de entaboar un diálogo profundo sobre as súas solucións.

Na actualidade as concentracións de CO₂ continúan aumentando e o prazo de tempo para comezar a reducir drasticamente as emisións acúrtase entre 4 e 10 anos. O que pretende mostrar o documental é que as causas do cambio son inequívocas e o provocan as emisións de gases de efecto invernadoiro das actividades humanas que sobrepasan a capacidade de adaptación dos ecosistemas sendo esta unha percepción non so do sector científico senón dunha maioría da sociedade. Todas as voces coinciden en que as solucións existen e en que debemos cambiar o modelo de sociedade e a forma de entender a nosa relación coa natureza, pero non todas as voces son escoitadas.

“Manual de uso para una nave espacial” nace do interese de **Amigos da Terra** por indagar nas experiencias e opinións das persoas fronte a este reto climático. Arte, novos, natureza e sociedade de consumo son os temas deste documental; catro curtametraxes entrelazadas cóntannos distintas realidades respecto a un mesmo problema e unha visión de fondo: somos astronautas dunha nave espacial da que non temos manual, pero aínda así debemos aprender a ser pilotos na nave Terra.

Enlace vídeo en youtube: <http://www.youtube.com/watch?v=U5RUR-y4zHc>

4.5 Peticións de xustiza climática no Cumio de Cancún

Aínda que non estivemos presentes no Cumio de Cancún, dende a asociación difundimos a través da nosa web e redes sociais, as novas e os avances das negociacións que nos mandaban os compañeiros de Amigos de la Tierra presentes en Cancún.

Os resultados do Cumio amosan que a pesar da falta de avance en temas fundamentais, logrouse progreso noutras áreas, como na adaptación ou o establecemento dun Fondo Mundial para o Clima. Tamén se logrou un avance na adaptación para axudar aos países empobrecidos a enfrontar os impactos do cambio climático.

Non obstante, queda moito camiño, xa que o acordo adoptado nas negociacións del clima da ONU non progresou na área máis importante: a redución de emisións profunda e vinculante dos países industrializados.

5. DIFUSIONES, PUBLICACIONES E PARTICIPACIÓN EN EVENTOS

- Artigo sobre o Programa de Educación Ambiental A Aposta, publicado na revista da SGEA.
- Participación no Encontro Estatal anual de dinamizadores do Programa Hogares Verdes organizado polo CENEAM.
- Colaboración na revista da SGEA (Sociedade Galega de Educación Ambiental) cun artigo sobre o programa “A Aposta en fogares”.

6. CONCLUSIÓN

Como conclusións, extraemos que grazas a programas como A Aposta en Fogares desenvolvidos ao longo de todo este ano, conseguimos achegarnos máis a cidadanía, e transmitir, de un xeito próximo e comprensible, a necesidade de un cambio no modelo de vida, para frear unha problemática en constante crecemento. Formamos e capacitamos a 60 familias que consideramos que na actualidade,contan con unha opinión máis crítica sobre a problemática do cambio climático e teñen na súa man solucións e propostas que eles mesmos están poñendo en marcha día tras día.

A través da nosa participación en congresos, feiras e accións puntuais, fixemos á área máis visible de cara a sociedade en xeral, ao tempo que provocamos un interese nos medios de comunicación, que responderon moi positivamente a todas as nosas convocatorias.

Podemos concluír dicindo que o 2010 foi un ano no que esta área deu un paso máis cara adiante, implicando e facendo partícipes a mais axentes sociais e chegando mais lonxe coas súas reivindicacións.

COOPERACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A cooperación en Amigos da Terra se fai desde o enfoque de sostibilidade ambiental, o que significa que tanto os proxectos de cooperación como os de Educación para o Desenvolvemento integran a protección do medio ambiente dentro dos plantexamentos de mellora da calidade de vida da poboación menos favorecidas, baseándonos nun principio que di, que a degradación do medio ambiente constitúe unha forma de privación de capacidades que afecta directamente á calidade de vida das persoas. Traballamos, así mesmo, nunha xestión participativa dos recursos naturais como base fundamental para a erradicación da pobreza.

Segundo o anterior, e en vista das carencias da inclusión do enfoque de sostibilidade ambiental na cooperación, Amigos da Terra centrou os seus esforzos durante o 2010, no traballo cos axentes de cooperación, a través da participación activa na Coordinadora Galega de ONGD e a través da realización de proxectos no Sur, enfocados por un lado, á pesca artesanal sostible, e por outro, a soberanía alimentaria.

Ademais, non faltaron as accións de sensibilización e educación levadas a cabo coa difusión da exposición do “Golfo de Fonseca: A loita por un futuro sostible” e diversas presentacións do proxecto e os resultados alcanzados.

Este ano 2010 se caracteriza tamén porque traballamos cun axente de cooperación novo, os medios de comunicación, cos que abordamos e debatemos as mellores técnicas de comunicar, e como as ONGD podemos conseguir un espazo para difundir os nosos proxectos.

Así mesmo, e de xeito conxunto con toda a organización estatal de Amigos de la Tierra comezamos co proceso de planificación estratéxica para a área de cooperación. Como punto de partida se fixeron intensos debates en todos os grupos locais e en terreo, para poder contar coas bases para unha estratexia de cooperación común e que se aprobará na próxima asemblea de 2011.

A continuación se explican as accións levadas a cabo en cada unha das liñas traballadas en 2010:

2. SENSIBILIZACIÓN

2.1 Exposición fotográfica: “Golfo de Fonseca: a Loita por un futuro sostible”

Un dos obxectivos deste ano 2010 foi a continuación do traballo de visibilización dos proxectos de pesca artesanal no Golfo de Fonseca, realizado coa colaboración da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO).



Os xornalistas de AGARESO, que visitaron a zona do Golfo de Fonseca, trouxeron consigo moito material audiovisual e radiofónico, o que permitiu que dito material fora promovido en distintos espazos: radios, prensa, así como diferentes portais web. Ademais, se fixeron charlas de sensibilización, aproveitando a presentación da exposición, onde os propios xornalistas contaban as vivencias das comunidades de pescadores e os logros alcanzados cos proxectos de cooperación, así como as vivencias que experimentaron os periodistas na súa visita. A exposición fotográfica estivo presente durante todo o ano nas catro provincias nos seguintes sitios:

Casa da Xuventude de Ourense
Castelo de Maceda, Ourense
Biblioteca Municipal de Pontevedra, Pontevedra
Centro Cívico do Casco Vello, Vigo
Ateneo de Ferrol, Ferrol
Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela

A difusión desta exposición continuará durante o próximo 2011, editaremos un libro de fotografías e ampliaremos o número de fotografías da mostra, pasando de 30 a 60. Por outra banda, o documental que fixeron en AGARESO emitirase na TVG.

2.2 Accións de sensibilización (charlas, mesas redondas, convencións, etc.)

Proxectos Amigos da Terra

Amigos da Terra organizou o pasado 12 xaneiro, unha charla na Casa da Xuventude de Ourense dirixida aos socios/as, voluntarios/as e colaboradores, na que Guillermo Rodríguez, representante de Amigos da Terra en terreo deu a coñecer os logros dos proxectos de cooperación sobre pesca artesanal sostible, protección da biodiversidade, capacitación da poboación e a xestión dos seus recursos levados a cabo en Nicaragua.



Mesa redonda “Por un Mundo Mais Xusto (PUM+J)”

Amigos da Terra participou o 6 de maio nunha Mesa redonda na Aula Sociocultural de Caixa Galicia de Ourense, organizada polo partido “Por un Mundo Mais Xusto (PUM+J)”, titulada “Os Conflitos Esquecidos”, na que abordamos a problemática ambiental como un conflito esquecido, así como a importancia da Responsabilidade Social Corporativa nas políticas de cooperación.



III Convención de AGARESO

Participamos tamén, na III Convención Anual de AGARESO en Pontevedra, o pasado 23 de outubro, e na que se abordou a temática dos retos da Cooperación Ambiental en Galicia. A convención estaba dirixida aos membros de AGARESO e persoal das ONGD.

Programa “Acción Directa”

Así mesmo, a través de Guillermo Rodríguez, Amigos da Terra estivo presente no programa "Acción Directa" de Televisión Española, no que a través de 7 capítulos amosábase o noso traballo de cooperación en Nicaragua e Costa Rica, xunto co doutras ONGD españolas.

Foro de ONGD de Vigo

A finais de ano, tamén participamos no Foro de ONGD do Concello de Vigo, un encontro organizado polo Consello Municipal de Solidariedade e Cooperación Internacional de Vigo que tivo lugar na Praza de Compostela. O principal obxectivo deste foro foi que as ONGD da cidade se relacionasen directamente con toda a cidadanía, por iso, durante o día se deron a coñecer os seus proxectos, accións de solidariedade e cooperación internacional. En concreto, dende a asociación,



además dunha mesa informativa sobre os nosos proxectos e actividades, realizamos a actividade do cálculo da “Pegada Ecolóxica”, relacionando o consumo de recursos ca situación de pobreza de algúns países.

Celebración do Día do Cooperante

Este ano, a celebración do 8 de setembro, a centramos na presentación a través dunha nota de prensa do novo proxecto que daba comezo en Honduras sobre Soberanía Alimentaria, un proxecto en consorcio con Enxeñeiros sen Fronteiras e a Universidade de Coruña.

3. FORMACIÓN



3.1 Curso sobre comunicación e cooperación ao desenvolvemento

Estivo dirixido a membros de ONGD, medios de comunicación e outros axentes de cooperación, co obxectivo de dotar ás ONGD e axentes de cooperación das ferramentas axeitadas para mellorar a comunicación nas súas organizacións, poñendo como exemplo práctico, aplicable a outras asociacións, a experiencia do proxecto de colaboración posto en marcha por

Amigos da Terra e AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios), así como para visibilizar o traballo que se está a facer en cooperación ao desenvolvemento.

O curso organizouse en mesas redondas e obradoiros prácticos nos que participaron profesionais da comunicación de diversos medios de Galicia co fin de que os axentes coñeceran as técnicas comunicativas para saír nos medios, así como que os medios coñeceran a mensaxe que as ONGD queren transmitir a cidadanía. Así os contidos abordados foron:

"Outros xeitos de relacionarse cos xornalistas".

"Por que non saímos nos medios?"

"A comunicación 2.0, e iso que é?"

"Ferramentas para que as ONGD melloren a comunicación nas súas organizacións"

A participación do curso foi representativa xa que estaban bastante equilibrados os representantes de medios de comunicación e os das ONGD, en total contamos con 40 persoas.

3.2 Curso práctico sobre Enfoque de Marco Lóxico para a elaboración de proxectos

Na III Convención de AGARESO celebrada os días 23 e 24 de outubro, participamos tamén formando aos membros da organización na elaboración de proxectos de cooperación e sensibilización a través da Metodoloxía do Enfoque de Marco Lóxico. Neste curso, participaron 20 membros de AGARESO.

3.3 Curso de tecnoloxía e cooperación

Participamos novamente no curso de Tecnoloxía e Cooperación que desenvolve Enxeñeiros sen Fronteiras na Facultade de Enxeñería, no que realizamos unha formación sobre cómo se inclúe o medio ambiente nos proxectos de cooperación. O número de participantes neste curso foi de 40 persoas. Como sempre ten unha boa acollida por parte do público universitario de Santiago.



4. PRESIÓN POLITICA

4.1 Participación na Comisión de Incidencia da Coordinadora Galega de ONGD's

Este ano as accións de presión política centráronse na participación activa na Comisión de incidencia política da Coordinadora Galega de ONGD's, que se basearon en presentar alegación aos borradores de Rexistro de Axentes de Cooperación, das convocatorias 2011 e ao Plan Anual de Cooperación. Todas elas, centradas na importancia da aplicación e seguimento do enfoque de sostibilidade ambiental na cooperación.

Non obstante, a acción máis relevante foi poder conseguir que os nosos representantes políticos asinaran "O pacto Galego contra a Pobreza". A acción que levamos a cabo conxuntamente todas as organizacións que estamos dentro da Coordinadora foi reivindicar a necesidade de que exista un Pacto Contra a Pobreza na nosa comunidade e para elo se organizou o "Camiño polo Pacto" que consistiu en 6 etapas:

- Luns, 11 de outubro: Sarria - Portomarín.
- Martes, 12 de outubro: Portomarín - Palas de Rei
- Mércores, 13 de outubro: Palas de Rei – Arzúa
- Xoves, 14 de outubro: Arzúa - Pedrouzo (O Pino)
- Venres, 15 de outubro: Pedrouzo (O Pino) - Monte do Gozo.
- Sábado, 16 de outubro: Monte do Gozo – Santiago de Compostela. Esta foi a última e máis importante etapa prevista no Camiño, rematando coa sinatura do Pacto Galego contra a Pobreza.



O pacto asinado compromete aos gobernantes dos tres partidos políticos con presenza no Parlamento galego a «manter un esforzo en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento que garanta que, antes do remate de 2017, ao menos o 0'7 % do orzamento consolidado da Xunta dedicarase á Axuda Oficial ao Desenvolvemento».

O seguinte paso é darlle seguimento a ese pacto e ao seu cumprimento. Por agora, e segundo os orzamentos aprobados no Parlamento Galego relacionados coa axuda ao desenvolvemento, xa comezaron a fallar a este compromiso, xa que dito orzamento se reduciu nun 19%.

5. PROXECTOS INTERNACIONAIS

No ano 2010 traballamos na continuación do Proxecto da Illa de Ometepe (Nicaragua), e comezamos en setembro un novo proxecto en Honduras sobre Soberanía alimentaria, a continuación se expoñen os resultados finais acadado polo proxecto de Nicaragua e unha explicación no que consiste o proxecto de Honduras.

5.1 Proxecto Illa de Ometepe, Nicaragua



Ano 2009 - 2010: Fortalecemento de grupos organizados para a Pesca Artesanal Sostible e a conservación dos recursos naturais na Illa de Ometepe (monto asignado 137,500€). Subvencionado pola Dirección Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia:

Este ano continuamos coas accións en temas de pesca artesanal na Illa de Ometepe. O obxectivo central deste proxecto é mellorar as condicións do

sector pesqueiro da Illa, baixo enfoques de sustentabilidade ambiental e igualdade de xénero.

Facendo unha valoración xeral do proxecto podemos dicir, que se acadou o obxectivo nun 100%, porque temos ao sector pesqueiro organizado, e por primeira vez na Illa de Ometepe se conta cunha cooperativa de pescadores, que na actualidade reúne a 200 pescadores coa súa actividade legalizada. É importante destacar que actores locais, como Federación Nicaraguense de Pesca (FENICPESCA) e os concellos da zona participaron activamente en todo o proxecto, o que representou unha grande fortaleza.

Ademais, co proxecto melloráronse as capacidades de produción dos pescadores grazas á entrega de motores novos para as embarcacións, permitindo acadar un incremento nas capturas. Tamén, instalouse unha tenda do pescador que permite abastecer de insumos a prezos máis xustos. En canto aos aspectos de educación ambiental, se levaron a cabo xornadas de plantación en zonas críticas, xornadas de limpeza de costas e de cine comunitario, o que permitiu unha mellora na sensibilidade respecto aos recursos naturais da Illa. A cantidade de pescadores censados no 2008 ascende a 400, polo que se integraron á Unión de Pescadores o 44% dos pescadores da Illa.

Os actores relevantes que participaron dentro do proxecto:

- Os concellos Altagracia e Moyogalpa ao ter a autoridade en materia pesqueira na Illa, traballou conxuntamente na legalización de pescadores artesanais, e fixeron coordinacións coas oficinas de Medio ambiente e pesca artesanal (restauración ambiental e monitoreo).
- Ministerio do Ambiente e os Recursos Naturais (MARENA), é a institución encargada da conservación, protección e o uso sostible dos recursos naturais e do medio ambiente. Con este coordináronse actividades de restauración ambiental e apóiase nalgúns actividades de monitoreo e control.
- Exército de Nicaragua e a Policía Nacional coas que se coordinaron as actividades de Monitoreo e control. O Ministerio de Educación (MINED), co que

se coordinou a participación dos estudantes nas actividades de restauración ambiental.

- INPESCA: Inicialmente o Instituto de Pesca continuou coa súa desatención á Illa debido aos convenios de delegación da pesca nos gobernos municipais. Esta situación mantívose durante o 75% do proxecto. Con todo, no mes de xullo do 2010 INPESCA reiniciou actividades directamente cara a Ometepe e isto favoreceu varias reunións de coordinación que significan un contexto máis favorable para futuras intervencións na zona, en materia pesqueira.

En definitiva, o obxectivo do proxecto acadouse na súa totalidade, pero é preciso darlle continuidade, xa que a sostibilidade dalgunhas accións non está garantida aínda. Entre elas, atopamos a mellora da capacidade de produción dos pescadores, polo que para o ano 2011 pediremos a segunda fase á convocatoria de proxectos da Xunta de Galicia.

5.2 Proxecto Soberanía Alimentaria, Honduras



Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF).

Ano 2010 - 2011: “Redución da vulnerabilidade alimentaria e uso racional dos recursos naturais na micro-cunca do río Laure, Honduras” (monto asignado 349.464 €) Subvencionado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea:

O proxecto se desenvolverá en consorcio con Enxeñeiros sen Fronteiras e Cartolab, da Universidade de A Coruña. A nosa contraparte será o Comité para a Defensa e Desenvolvemento da Flora e Fauna do

A localización do proxecto é a microcunca do Río Laure, no departamento de Valle, en Honduras. Con el pretendemos contribuír a diminuír a pobreza e a vulnerabilidade alimentaria das familias do sur de Honduras, promovendo un uso racional dos recursos naturais e sistemas sostibles de produción de alimentos. Traballarase directamente con 200 familias das comunidades de A Criba, O Recuncho, Matearal, Laure Arriba, O Marañonal, O Cinceiro, Auga Zarca e Laure Abaixo, todas elas pertencentes ao concello de San Lorenzo.

En Galicia, ao longo de 2011 levaremos a cabo actuacións de sensibilización para dar a coñecer a realidade cultural, social, ambiental, económica e política da zona e os mecanismos e posibilidades de desenvolvemento, tanto no contexto deste proxecto como fora del.

6. CONCLUSIÓNS

Podemos dicir que o ano 2010 marca dúas tendencias no que respecta a área de cooperación:

Por un lado, unha maior actividade no que se refire a Incidencia Política. Este ano particularmente estivo enmarcado na Sinatura do Pacto Galego contra a Pobreza, para o cal a través da comisión de Incidencia Política da Coordinadora Galega de ONGD desenvolvemos diversas accións de cara a promover a participación social e a implicación dos políticos no que significa a verdadeira loita contra a pobreza. Ademais, de xeito individual Amigos da Terra traballo con diversas entidades, medios de comunicación e ONGD na importancia que ten a sostibilidade ambiental na cooperación.

E por outra banda, a liña de Sensibilización. Hai que destacar que a Exposición fotográfica do Golfo está resultando ser un recurso importante para visibilizar as nosas accións en cooperación en ámbitos diversos e conseguir a presenza de persoal representativo da administracións pública. Grazas á subvención do AECID seguirá movéndose pola Comunidade Autónoma de Galicia incluso ampliaremos a mostra con novas fotografías do proxecto.

Cabe destacar, que seguimos mantendo a presenza en terreo cun proxecto de cooperación baseado en Soberanía Alimentaria.

Así mesmo, hai que resaltar que este ano caracterizouse polo traballo en consorcio que estamos a implantar, tanto coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) para a visibilización do traballo en terreo e o fortalecemento en Galicia, como con Enxeñeiros sen Fronteiras a través do proxecto de Soberanía Alimentaria en Honduras.

CONSUMO RESPONSABLE

1. INTRODUCCIÓN

Dando continuidade ao traballo iniciado en anos anteriores, ao longo do 2010 centramos os esforzos da área nas liñas de comercio xusto e transxénicos.

No que respecta a **comercio xusto** destacar que, por primeira vez, as organizacións que conformamos a comisión de comercio xusto da Coordinadora Galega, presentamos un proxecto de sensibilización sobre mulleres rurais e soberanía alimentaria. O proxecto foi aprobado, polo que todo este ano o adicamos exclusivamente á planificación e organización do mesmo, estando prevista a súa execución ao longo do 2011

Na temática dos **transxénicos** cabe salientar un logro histórico: o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Mariano facía pública por 1ª vez, a través de Amigos de la Tierra, a localización exacta dos campos experimentais no estado. A aprobación dun destes cultivos experimentais con millo transxénico na provincia de A Coruña xunto coa cada vez maior inquietude por parte da sociedade perante a presenza e repercusións dos organismo xeneticamente modificados, motivou que a actividade da área estivera moi centrada este ano na temática dos transxénicos.

A liña a seguir foi principalmente de presión política, coordinándonos coa rede de grupos estatais para ter unha visión global da situación e desenvolver, no ámbito galego, estratexias conxuntas de Asociación.

2. SENSIBILIZACIÓN

2.1 Transxénicos

Como membros da Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA), dentro da **Semana de Loita Estatal contra os Transxénicos**, colaboramos na organización da xornada de debate “Os transxénicos e a súa afección no medio e na alimentación”; celebrada no concello de Ames, e na que contamos coa presenza de representantes da Rede Galega de Consumo Consciente e Responsable e do Dpto. de Fisioloxía Vexetal da Universidade de Santiago de Compostela.

2.2 Comercio Xusto

Seguimos traballando en comercio xusto a través da participación activa na Comisión de Comercio Xusto da Coordinadora Galega. Este ano a actividade baseouse na planificación do proxecto de sensibilización “Encontro de mulleres rurais de países do sur e de Galicia”, que se celebrará en marzo de 2011, así como a preparación das sesións formativas para asociacións de mulleres das catro provincias de Galicia. Os contidos que se abordaran nestas sesións que darán comezo no próximo ano estarán centrados en catro temáticas: soberanía alimentaria, consumo responsable, comercio xusto e o papel da muller neste temas.

3. PRESIÓN POLÍTICA

3.1 Presión antitransxénica en Galicia

As liñas máis relevantes nas que centramos os esforzos este ano foron o seguimento dos cultivos experimentais de millo transxénico, e a demanda dun posicionamento e plan de actuación dos grupos políticos do Parlamento de Galicia.

A publicación no mes de maio da **localización exacta das parcelas experimentais**, a través de Amigos de la Tierra a nivel estatal e da PGA en Galicia, marcou un feito histórico na loita antitransxénica, permitindo o seguimento “in situ” dos cultivos experimentais. Unha histórica demanda da sociedade civil que esixía o dereito ao acceso á información, participación pública e de acceso á xustiza en materia de medioambiente.

En Galicia a parcela experimental con variedades de millo transxénico resistentes a determinados herbicidas e insectos (solicitada pola multinacional Pioneer) estivo localizada durante o 2010 en **Mesía (A Coruña)**; concretamente na parroquia de Cumbraos, lugar de Castiñeiras.



Grazas ao coñecemento da súa ubicación exacta puidemos confirmar e comunicar publicamente: a sementeira de millo, a detención imprevista do experimento, a súa incorrecta destrución, o rebrotamento de exemplares supostamente destruídos e a estraña desaparición dos mesmos. Alertando e demandando información e responsabilidades ás entidades pertinentes en cada momento.



En canto ás relacións con grupos parlamentarios destacar a negativa do PSdG-PSOE quen, desde o nacemento da Plataforma, nunca accedeu ás solicitudes de reunión. Cabe salientar tamén que a propia Consellería de Medio Rural (PPdG), pese á reiterada solicitude, rexeitan un posicionamento político público en relación aos organismos xeneticamente modificados; deixando sen fundamento o traballo e decisións técnicas realizados dende a Xunta de Galicia.

Reunión na Xunta de Galicia coa subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias, Patricia Ulloa, e o xefe do servizo de Sanidade e Produción Vexetal, Ramón Lamelo.

3.2 Presión antitransxénica a nivel estatal

Aínda que o traballo a nivel estatal é desenvolto e coordinado en rede por Amigos de la Tierra, como grupo local presentamos **alegacións e solicitudes de información ambiental** referidas aos campos experimentais galegos ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino. Actualmente está en elaboración a tramitación dunha denuncia perante a fiscalía de medio ambiente de Galicia, un paso máis aló da vía administrativa co que esperamos que as nosas reclamacións teñan maior resposta.

A mediados do mes de abril participamos na **multitudinaria manifestación antitransxénica** celebrada este ano en Madrid, onde cerca de 15.000 persoas baixo o lema "Por unha Alimentación e unha Agricultura Libre de Transxénicos", mostramos o noso rexeitamento aos OXM (organismos xeneticamente modificados) e ás políticas desenvoltas polo goberno central nesta materia.



4. DIFUSIÓN, PUBLICACIONES E PARTICIPACIÓN EN EVENTOS

4.1 Publicacións

Os traballos de investigación e divulgación de **Amigos da Terra** a nivel estatal e internacional, son canalizados e difundidos en Galicia a través da nosa Asociación. Destacamos:

- Informe las "Malas compañías IV". Onde se analiza o fraude da avaliación científica dos transxénicos en España
- Informe 2010 "¿Quién se beneficia de los cultivos trasngénicos?", no que se reflexiona sobre a relación entre o cambio climático e a gran estafa dos transxénicos
- Revista "Soberanía Alimentaria, Biodiversidad Y Culturas" que promove o debate e reflexión sobre temáticas rurais baixo unha óptica política de Soberanía Alimentaria.

4.2 Participación en eventos

III Congreso de Agroecoloxía e agricultura ecolóxica en Galicia

Organizado polo Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía da citada Universidade de Vigo. Ademais da comunicación que fixemos sobre Agroecoloxía e As Corcerizas, **Amigos da Terra** estivo presente no Congreso a través dos informes e material divulgativo sobre transxénicos e agrocombustibles que foi facilitado dende ao organización aos/ás asistentes.

Terractiva

A Feira Ecolóxica de Arzúa, tamén coñecida como Terractiva chegou no 2010 a súa sétima edición. Compartindo espazo e información, **Amigos da Terra** e a Plataforma Galega Antitransxénicos estivemos presentes nesta Feira ofrecendo información actualizada sobre a presenza e ameazas dos organismos xeneticamente modificados na nosa vida cotiá. O asesoramento persoal foi complementado con documentación e cunha pequena exposición que elaboramos sobre a evolución e incidentes na parcela de millo transxénico experimental de Mesía.

5. CONCLUSIÓNS

En canto ao labor desenvolvido na ámbito dos transxénicos, canalizado maiormente a través da Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA), cabe destacar a confirmación de que a presión exercida está incidindo nos órganos competentes; ás veces con resultados positivos (respostas ás solicitudes de información ambiental, novas declaracións de zonas libres de transxénicos, alegacións ás solicitudes de campos experimentais por parte da Xunta de Galicia) e outras con silencios e falta de compromisos (a Consellería de Medio Rural a día de hoxe aínda non fixo publico o seu posicionamento nin plan de actuación fronte aos organismo xeneticamente modificados). De cara ao vindeiro ano seguiremos traballando en rede, a nivel galego e estatal, para liberarnos da ameaza que supoñen para os campos, a saúde, a soberanía dos pobos e para o medio ambiente en xeral, os transxénicos.

A temática do comercio xusto, pola orientación cara a comercialización dos produtos que en xeral está tendo na Coordinadora Galega de ONG, é unha liña que está a perder presenza dentro da área en favor do consumo responsable, da soberanía alimentaria e da agroecoloxía. Son liñas estas últimas que tratan os problemas na raíz, que é onde realmente queremos incidir, de cara a atopar conxuntamente solucións ambientalmente sustentables e socialmente xustas.

A orientación cara á liña de comercialización dos produtos de comercio xusto que está tendo a Comisión, debido a que a maioría das entidades que a conforman dedícanse a elo, estanos empuxando un pouco a deixar de participar activamente na mesma, polo que é moi probable que unha vez que desenvolvamos a totalidade do proxecto sobre mulleres rurais, deixemos de participar nela. Isto non significa que deixemos de defender a alternativa do comercio xusto, simplemente que os puntos no que consideramos debemos traballar máis, é de cara ao consumo responsable, a soberanía alimentaria e, en definitiva, naquelas campañas que tratan os problemas na raíz.

CONSERVACIÓN E USOS DA TERRA

1. INTRODUCCIÓN

Na área de Conservación e Usos da Terra, centrámonos principalmente na temática forestal, levando a cabo accións concretas en datas sinaladas coma o “Día da Árbore”, así como eventos de colaboración con outras organizacións, sendo a campaña de “Doa Sangue e Planta unha árbore” a que ven tendo máis éxito. Durante este ano a levamos a cabo na cidade de Ourense.

2. SENSIBILIZACIÓN

2.1 IV Xornadas de Agroecoloxía de Ourense

A positiva valoración que fixemos o ano pasado do troco de sementes motivounos a repetir, dentro das Xornadas de Agroecoloxía a actividade do Banco de sementes, un espazo que ten como obxectivo favorecer a recuperación, conservación e distribución das variedades tradicionais de plantas, evitando o cultivo e expansión de variedades foráneas, transxénicas e menos adaptadas ao noso medio, dando pasos firmes cara a soberanía alimentaria dos pobos.



Espinafres, pementos de Padrón, fatóns, pillotas, soia, nabicol ou chicanos forraxeiros foron algunhas das sementes intercambiadas, co aliciente de que ademais de sementes trocamos coñecementos sobre o cultivo destas plantas e usos alternativos.

2.2 Campaña “Doa Sangue e Planta unha árbore”

En Amigos da Terra, en colaboración co Centro de Transfusión de Sangue de Galicia (CTG), levamos organizando conxuntamente dende fai dez anos esta campaña, nas cidades de Ourense e Vigo. Ca realización desta mesma, pretendemos conseguir un dobre obxectivo: mellorar a información dos cidadáns sobre a doazón de sangue, un xesto solidario indispensable para o correcto desenvolvemento do labor asistencial dos hospitais galegos, así como provocar unha especial sensibilidade social a prol da conservación do medio ambiente.

Este ano realizouse na cidade de Ourense dende o 9 ao 16 de xullo, obténdose un bo índice de participación, acadando en torno a 250 doazóns de sangue, das que o 7% (17 doazóns) correspondíanse con cidadáns que efectuaban a súa primeira doazón de sangue.

3. PRESIÓN POLÍTICA

3.1 Manifestación contra a destrución do territorio

Dentro da plataforma "Galiza non se Vende", da que forma parte Amigos da Terra participamos na Manifestación contra a Destrución do Territorio, celebrada en Santiago de Compostela o 21 de marzo, na que se denunciaba as problemática ambientais que afectan ao territorio e o litoral, así como a reclamación de soberanía alimentaria e enerxética e outro modelo de transporte.



3.2 Concentración en memoria dos brigadistas falecidos no incendio de Fornelos de Montes



Amigos da Terra, quixo mostrar a súa solidariedade coas familias e compañeiros/as dos brigadistas falecidos na extinción do lume de Fornelos de Montes o pasado 13 de agosto, participando nunha concentración diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Ourense que tivo lugar o 17 de agosto. Nesta concentración, tamén se

reclamaba o cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais, para que deste xeito, traxedias como esta non volvan a suceder.

3.3 Reunións do Consello Forestal Galego

Ao longo deste ano, Amigos da Terra asistiu ás reunións do Consello Forestal, nas cales se presentaron diversas alegacións ao "Análise do borrador do Decreto polo que se regula a cualificación de Sociedade de Fomento Forestal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia". Ademais, expuxéronse demandas sobre a falta de visión da problemática forestal ao longo prazo por parte da administración, e solicitouse ao Consello Forestal que se crearan grupos e mesas de traballo sobre política forestal e sobre Incendios forestais.

4. DIFUSIÓN, PUBLICACIÓNS E PARTICIPACIÓN EN EVENTOS

4.1 Día Forestal Mundial

Coa finalidade de conmemorar o "Día Forestal Mundial", Amigos da Terra e o Centro de Transfusión de Sangue de Galicia levamos a cabo o 25 de marzo a plantación correspondente a campaña do ano pasado.

A plantación realizouse no concello de Toén, nos arredores das instalacións da base de helicópteros do servizo contraincendios, e na que participaron voluntarias e voluntarios de Amigos da Terra e o Colexio Maristas, contando con 50 mozos e mozas e coa colaboración da Cooperativa BRAÑA que un ano máis aportou as árbores.



4.2 Xornadas sobre Xestión forestal en Pontevedra

Nestas xornadas, organizadas pola Mancomunidade de Montes de Pontevedra e o Concello de Pontevedra e que se celebraron o 11 e 12 de xuño, participamos dentro dunha mesa redonda sobre a rede social da xestión do territorio, na que se presentou o papel que desempeñan os colectivos sociais e ambientais para unha mellor xestión dos montes.

RECURSOS

AS CORCERIZAS

1. INTRODUCCIÓN

O Centro de Educación Ambiental As Corcerizas é un proxecto diferencial de **Amigos da Terra**, xa que parte da esperanza dunha base social significativa, que ao longo destes anos foi traballando sobre os principios e valores que un día motiváronnos a afrontar este reto. O reto de demostrar a viabilidade e importancia de poñer en práctica un proxecto educativo en total coherencia co equipamento.



As Corcerizas supón o reflexo do carácter constructivista de **Amigos da Terra** e representa o recurso fundamental para desenvolver as políticas da asociación, mostrando algunhas alternativas posibles para poñer freo aos máis graves problemas ambientais que afectan ao noso entorno local e global, demostrándoas desde a práctica e a acción, e facéndonos parte das propias solucións que aporta.

Ante a situación de crise enerxética que estamos a vivir e doutros problemas ambientais relacionados co modelo de desenvolvemento actual, podemos e debemos identificar e aplicar solucións integrais que conduzan cara outros paradigmas. Dende a experiencia da asociación, a primeira medida pasa polo aforro enerxético e a eficiencia a todos os niveis: edificación, alimentación, xestión de residuos, transporte e fogar. É un feito constatado que a sociedade precisa exemplos reais próximos que sinta como propios; que permitan ver e asimilar que as explicacións e aplicacións teóricas entorno a posibles solucións son viables e alcanzables dentro das súas posibilidades.

Ser pioneiros en Galicia neste plantexamento hai xa 10 anos arrastrou infinidade de dificultades prácticas, pois carecíamos de exemplos próximos que nos puideran servir como referencia. Co paso do tempo e coa enerxía posta no proxecto a situación cambiou e As Corcerizas vaise consolidando como un referente no aporte de alternativas para un cambio de modelo.

EQUIPAMENTO

O propio equipamento de As Corcerizas resulta un recurso educativo en si mesmo, conformando un único proxecto con maior capacidade de incidir eficazmente nos comportamentos desde o momento en que se converte nunha experiencia vivencial, baseándonos nunha educación ambiental de calidade, comprometida, crítica, activa, participativa, aberta e plural.

O principio de coherencia é o que marca a diferenza. As Corcerizas concibiuse desde a súa planificación, construción e uso baixo unha óptica de desenvolvemento sustentable, seguindo un modelo enerxético baseado na SOBRIEDADE, a EFICIENCIA e AS ENERXÍAS RENOVABLES:

- Construción baixo criterios bioclimáticos empregando técnicas e materiais de bioconstrución
- Autosuficiencia enerxética de todas as instalacións a partir de diversas fontes de enerxía renovable: solar térmica, solar fotovoltaica, eólica, microhidráulica, biomasa); e reciclaxe da materia orgánica a través da compostaxe e da vermicompostaxe
- Sistema de depuración biolóxica das augas residuais mediante a utilización de plantas, sistema F.M.F. (filtro de macrofitas en flotación)
- Compostaxe dos restos de materia orgánica
- Alimentación baseada na agricultura ecolóxica local e promoción do comercio xusto

O equipamento e o proxecto educativo naceron e evolucionan paralelamente, renovándose de forma continua. Deste xeito, este ano incorporamos algunhas melloras no equipamento, que se transforman nun novo recurso educativo que integramos nos programas que desenvolvemos:

- Realización e aplicación de pinturas: pintura de pataca no comedor e pintura de cal no albergue.
- Restauración da madeira do comedor e aula con aceites naturais.
- Revoco con barro da fachada exterior da casa entre o albergue e a casa das enerxías
- Revoco exterior con masa de cal hidráulica e aérea na parede norte do comedor, cubrindo a nova impermeabilización que se implantou nesta.
- Creación dun baño seco.
- Construción das escaleiras de acceso á turbina.
- Acondicionamento e limpeza do entorno.



ACTIVIDADES

Este ano continuamos traballando na liña iniciada no 2009 en canto a consolidar As Corcerizas como centro de referencia en formación, aumentando de novo o número de cursos realizados.

En **Amigos da Terra** consideramos que o papel da Educación Ambiental con adultos/as é esencial para capacitar para a acción a unha sociedade necesitada de permanente reflexión sobre os obxectivos que persegue, a sustentabilidade das estratexias que emprega para conseguilos, e a equidade do seu reparto e uso. Polo tanto, mantivéronse as actividades habituais de Educación Ambiental para persoas adultas e con algunhas novas incorporacións.

Isto non significou deixar de traballar con nenos/as, dando continuidade aos programas en marcha, e potenciando outros aspectos a traballar co sector escolar, como a ordenación do territorio e a arquitectura.

2. EDUCACION AMBIENTAL

2.1 Educación Ambiental con persoas adultas

Visitas interpretativas ao equipamento

Poñendo como exemplo o traballo de educación ambiental que **Amigos da Terra** desenvolve en As Corcerizas, reflexiónase sobre a necesidade e importante función deste labor, mostrando recursos prácticos para levalo a cabo. A actividade é adaptada en función dos intereses concretos das/os asistentes.

Este ano foron destinatarios/as destas xornadas:

- Academia Auria. Alumnado do curso de monitor/a de educación ambiental
- Universidade de Vigo. Alumnado da Facultade de Educación de Ourense
- Centro de formación profesional ocupacional de Viveiro (Lugo). Alumnado do curso de electricistas de edificios

Día das Letras Galegas. Roteiro pola Serra de San Mamede

Este ano foi o primeiro que celebramos o Día das Letras Galegas cun roteiro pola Serra de San Mamede, compartindo cos/as participantes, en torno á trintena, o interese pola montaña e a cultura asociada a este ecosistema.

Ao longo do traxecto coñecemos algúns dos recursos da Serra, a fauna, os usos da terra, etc., interpretando unha paisaxe que evidencia a forte pegada do ser humano nestas terras. Tamén visitamos o pobo de Rebordecho e os seus elementos etnográficos acompañados polos seus propios poboadores, revalorizando o patrimonio e potenciando a conservación da natureza e da cultura galega.



Día Mundial do Medio Ambiente. II Xornada de Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente

Tal e como aconteceu o pasado ano, alumnos e alumnas do Máster Oficial de Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente da Facultade de Dereito de Ourense, déronse cita no Centro para levar á práctica os coñecementos adquiridos e prestados durante o ano

na formación da universidade, ademais de celebrar deste xeito o 6 de xuño, día do Medio Ambiente.

Avogados/as e arquitectos/as comprobaron a realidade da xestión dun Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), integrado na Rede Natura Europea, así como as construcións bioclimáticas e arquitectonicamente sustentables de As Corcerizas.

Así mesmo, coñeceron a realidade das enerxías renovables e reflexionaron sobre a necesidade de salvagarda dun espazo natural legalmente recoñecido.

Roteiro polo Bidueiral de Montederramo

Amigos da Terra e a asociación Veciñal SAN BREIXO de Seixalbo, o sábado 13 de novembro celebramos o outono na Serra de San Mamede, cun roteiro interpretativo ata o Bidueiral de Montederramo e un magosto en As Corcerizas.

Ao longo da xornada realizamos un obradoiro de cartografía-orientación, repartimos árbores autóctonas e participamos dunha excepcional interpretación dos ecosistemas que acubilla a Serra por parte de Xosé Santos, axente forestal da serra e socio de amigos da Terra.

III Xornadas de Micoloxía e boas prácticas no monte

Un ano máis participamos nunha xornada práctica e de aprendizaxe para o recoñecemento das setas, en colaboración coa Asociación Micolóxica *Os Cogordos*, adquirindo boas prácticas para o respecto do medio e o disfrute gastronómico.

2.2 Educación Ambiental nenos/as

Sentir, Coñecer, Actuar

Programa escolar dirixido a primaria e secundaria que consta de xornadas temáticas de 1 día sobre cambio climático, cooperación e medio ambiente ou coñecemento do medio natural da serra, habendo un programa específico para as escolas rurais unitarias. Este ano levouse a cabo o programa en colaboración co Concello de Ourense, a través da súa concellería de Educación, que escolleu a temática de Cambio Climático para traballar cos centros escolares. Nesta 4ª edición do programa participaron os seguintes colexios:

- IES A Carballeira
- IES Ferro Couselo
- IES 12 de Outubro
- IES Otero Pedraio
- CPI Virxe dos Remedios
- CPR Concepción Arenal
- Colexio Divina Pastora

Coa participación duns 250 alumnos/as con idades comprendidas entre os 10 e os 18 anos, comprobaron por si mesmos/as a viabilidade das alternativas existentes para



vivir dun xeito máis consciente e respectuoso co medio.

Segundo as avaliacións feitas por parte dos/as educadores/as responsables dos centros, o que máis valoraron das actividades deste programa foi nun 60% que os/as educadores/as do equipamento conseguimos a través da nosa implicación nos temas tratados e na claridade expositiva sobre conceptos e actividades, a motivación pola actividade e a concienciación dos/as participantes, sobre a posibilidade de mudar hábitos a nivel individual e actitudes para acadar un cambio a nivel global.

Outro 20% opina que o clima que se creou a través das actividades realizadas, foi moi positivo para poder traballar e moi produtivas a nivel individual dos/as participantes, coma en xeral para poder continuar traballando nas clases estes aspectos. O 30% restante valora que estas actividades foron moi prácticas, onde os/as alumnos/as gozaron aprendendo, observando directamente o funcionamento das enerxías renovables, os edificios bioconstruídos, a depuradora biolóxica de auga e os composteiros e vermicomposteiros, e incluso puideron poñer a funcionar e manipular algunhas destas enerxías, comprendendo dunha forma directa e visual o funcionamento delas.



A Conservación do medio natural: aplicación de metodoloxías científicas

Este ano o colexio Amor de Deus de Vigo escolleu celebrar a súa semana da ciencia en As Corcerizas, a través dunha xornada educativa baseada en experimentos científicos de flora, fauna, solo e auga. Participaron 50 rapaces/zas e tanto eles/as como o seu responsable quedaron moi satisfeitos/as coa xornada, recibindo unhas avaliacións moi positivas.

Proxecto Terra

As Corcerizas integrouse como parte do Proxecto Terra, “un proxecto de cooperación co mundo da educación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, dirixido ás distintas etapas de Educación Obrigatoria co obxectivo de contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares deben ter da nosa Arquitectura e da nosa Identidade Territorial”.

Nos meses de abril e maio de 2011 os centros educativos que o soliciten poderán participar das actividades en As Corcerizas, podendo escoller entre dúas alternativas:

1.- Coñecer para entender. Sentir para crer. Esta proposta desenvólvese no equipamento e nela se formulan a relación dos asentamentos humanos cos principais problemas ambientais, a aplicación práctica das enerxías renovables e a xestión alternativa dos residuos, a bioconstrucción como alternativa facendo interpretacións de posibles aplicacións no propio equipamento rematando cunha actividade práctica de construción en barro.

2.- Outros lugares, outras xentes, outras formas de vivir.- Esta proposta combina actividades no propio equipamento sobre a bioconstrucción como alternativa, facendo interpretacións de posibles aplicacións no propio equipamento, cun roteiro pola Serra de San Mamede no que se fai análise da paisaxe e impactos dos asentamentos

humanos xunto cunha visita etnográfica polo pobo de Rebordechao .

3. FORMACIÓN

Voluntariado Ambiental I.E.S. O Castro

Realizáronse 2 cursos de voluntariado ambiental co Instituto de Educación Secundaria do Castro de Vigo, nos meses de febreiro e outubro, dentro das denominadas actividades CAS (creatividade, acción, servizo) do programa de Bacharelato internacional que desenvolve. Foi unha oportunidade para que os dous grupos que participaron adquiriran unha visión integral da problemática ecosocial, capacitándoos para abordala e actuar desde dous eixes:



Que podes facer ti?

Como podes incidir na sociedade? O papel do voluntariado como motor de cambio

II e III Xornadas de Rastros e Sinais de Fauna

O 14 de marzo celebramos as II xornadas de rastros e sinais de fauna, unha das propostas que máis éxito ten entre o público, cubríndose todas as prazas ofertadas. O curso constou dunha parte teórica, na que os/as participantes coñeceron as xeneralidades da fauna, como o comportamento dos animais, a súa bioloxía, etc. e unha parte práctica, na que se realizou unha mostraxe dos indicios e demais rastros que os animais deixan o seu paso.



Continuando coa formación neste eido, o 23 e 24 de outubro adicamos a III edición a unha temática en concreto: O lobo e o teixugo. Bioloxía e Conservación.

En ambas xornadas contamos coa colaboración de diferentes profesionais e expertos na materia: Rubén Portas, da asociación ASCEL (asociación para a conservación e estudo do lobo ibérico); Xosé Pardavila, membro de G.E.A.S. (grupo de estudo dos animais salvaxes) e membros da asociación AXENA (asociación xuvenil para o estudo da natureza).

Comunicación e Cooperación ao Desenvolvemento

A fin de semana do 24-25 de abril levamos a cabo no centro o Curso práctico de Comunicación e Cooperación ao Desenvolvemento, un primeiro espazo de achegamento entre profesionais de medios de comunicación (prensa, radio e televisión) e membros/as de ONGD. Curso, que podemos cualificar de grande éxito, tanto polo número de participantes, como polos interesantes debates que se xeraron nas mesas.

As ONGD e os medios de comunicación pertencemos a sectores moi distintos, pero tal e como puidemos comprobar no curso, ámbolos dous temos inquiredanzas comúns e o reto de darlle unha verdadeira difusión ao traballo en desenvolvemento que fan moitas asociacións, e que moitas veces non se coñece.

Ademais, tivemos a oportunidade de mostrar a experiencia do proxecto de colaboración posto en marcha entre **Amigos da Terra** e a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO), para visibilizar o traballo que estamos a desenvolver no Golfo de Fonseca. Un exemplo práctico de como a colaboración entre medios e ONGD é posible e efectiva.

Recursos prácticos para a Educación Ambiental no tempo de lecer

A educación ambiental é unha ferramenta básica para os/as directores/as e monitores/as de ocio e tempo de lecer, pois son potenciais transmisores/as de aptitudes, coñecemento e valores, producindo nos seus receptores cambios actitudinais que lles fagan ser máis respectuosos co medio, xustos, críticos e conscientes das súas actuacións.

Co obxectivo de poñer en valor as ideas e capacidades dos/as monitores/as, reforzando o papel como educadores/as e nutrindo a vía para a profesionalización do sector do ocio e tempo de lecer, púxose en marcha esta nova proposta en As Corcerizas. Enmarcado dentro do Plan de formación continua para monitores/as e directores/as de tempo libre que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, foi un curso moi demandado e ben valorado logo da súa realización durante unha fin de semana completa en maio.



Seminario internacional de Cambio Climático *tecendo redes para o cambio*

Do 3 ao 10 de xullo tivo lugar no Centro o Seminario de cambio climático “Tecendo redes para o cambio” no que participaron compañeiros/as de Bélxica, Madrid, Reino Unido, Galicia e a asociación Oïkos de Francia.

Unha experiencia intensiva pero moi enriquecedora para todos/as os/as asistentes, no que puidemos compartir experiencias, metodoloxías e proxectos con compañeiros doutros países e que nos serviu para reflexionar sobre como facer fronte a un sistema que amplía as desigualdades sociais e destrúe o noso medio ambiente.

Xornadas abertas sobre Bioconstrución

Dentro do contexto do Campo de Traballo que levamos a cabo do 20 ao 29 de agosto, abrimos un programa formativo de ponencias abertas ao público. Nestas xornadas contamos coa colaboración de expertos/as para tratar diferentes temas sobre Bioconstrución e Arquitectura Bioclimática:

Pinturas e aceites ecolóxicos. Relator/a: Alexandre Domínguez.

A construción de As Corcerizas como realidade dun proxecto de bioconstrución. Relatores/as: Ana Recuna e Iñaqui Mendizabal, Estudio de Arquitectura Mendizabal y Recuna, S.C.

Visita polas instalacións: coñecemento da viabilidade e funcionamento das enerxías renovables; criterios e materiais de bioconstrución e arquitectura bioclimática empregados; sistema de biodepuración das augas a través dun filtro de plantas en flotación. Relator/as: equipo de Amigos da Terra.

Bioconstrución e Arquitectura Bioclimática.

Criterios para unha construción sostible

Emprego de diferentes materiais e técnicas de bioconstrución

Parámetros bioclimáticos. Enerxía solar pasiva .Relator: Juan Abia, responsable de formación da *Red Verde, Materiais ecolóxicos para Bioconstrución*.

A construción de estruturas con balas de palla. Relatores/as: Rede de Permacultura Ibérica Nodo Noroeste

A construción con barro.Relator: Guido A. Tomasini, Bioconstrutor.

4. CAMPAMENTOS E CAMPOS DE TRABALLO

Campamento Grupo Scout-Guía Vasco da Ponte

Durante os 4 días das vacacións de Semana Santa, 36 integrantes deste grupo scout de



Ferrol de idades comprendidas entre os 11 e 22 anos, participaron no campamento organizado por eles/as mesmos/as. Tamén aportamos ao seu programa algunhas actividades, relacionadas con consumo, cambio climático e a realización dun obradoiro práctico de forno solar.

Campamentos Concello de Oleiros, *Aprendendo da Natureza*

Por segundo ano, o concello de Oleiros quixo desenvolver os campamentos que realizan dentro deste programa educativo, no que traballan durante todo o ano con nenos/as deste concello.

Nesta ocasión uníronse máis rapaces, polo que se realizaron 2 quendas de 3 días cada unha, nas que compartimos o programa das actividades con *CEM, cooperativa de educación ambiental*.

Campo de Traballo Alternativo. Bioconstrución e Autoconstrución



A finais do mes de agosto tivo lugar o campo de traballo sobre bioconstrución e autoconstrución, un espazo, no que ademais de coñecer novas técnicas e compartir experiencias, levamos á práctica os novos coñecementos adquiridos coa colaboración de diferentes expertos na materia.

Foron dez días nos que máis dunha trintena de persoas de idades e profesións moi dispares, unímonos desde diferentes puntos do estado español para compartir outros

modelos de desenvolvemento máis respectuosos co noso medio.

Aplicamos aceites e pinturas naturais, vexetais, a base de silicatos e de cal, empregando novas técnicas guiadas por Alexandre Domínguez, “O pintor de Quins”, pintor profesional e experto na utilización destes materiais.



Revocamos unha fachada con barro baixo a dirección de Guido Tomasini, artesano e bioconstructor; e tamén empregamos o barro sobre balas de palla, nun pequeno exemplo que iniciamos, con membros da *Rede de Balas de Palla*, de construción dunha parede autoportante.

Comezamos coa rehabilitación da parede norte do comedor, con traballos de impermeabilización da parte exterior e revocos con masa de cal hidráulica e aérea. Puidemos facer unha análise de problemas e posibles solucións que nos atopamos tamén na construción ecolóxica, asesoradas por Ana e Iñaki, do estudio *Mendizábal e*

Recuna, que deseñaron As Corcerizas. E por Juan Abia, experto bioconstrutor que ademais nos proporcionou unha importante base teórica.

Ademais, fixemos outras tarefas de acondicionamento do entorno forestal e de infraestructuras, obradoiros, e disfrutamos da serra e os pobos de arredores.

Como mostra doutras iniciativas sostibles, contamos cunha mesa de experiencias de autoconstrución, aportando novas ideas e posibilidades para facernos máis autosuficientes e seguir apostando por un consumo máis responsable.

5. VOLUNTARIADO E ACTIVIDADES ASOCIATIVAS

Servizo de Voluntariado Europeo

A integrante do Servizo de Voluntariado Europeo que desenvolveu o seu proxecto en As Corcerizas este ano foi Lucie Allain. Colaborou na posta en práctica das actividades e na preparación de moitas delas, apoiando ao equipo técnico nas diferentes labores que require o proxecto e apoiando outras actividades da asociación.

Asemblea Extraordinaria de Amigos da Terra

O 26 de xuño celebramos no noso equipamento a Asemblea Extraordinaria, na que se trataron diferentes temas asociativos e se fixeron 2 obradoiros para debater e aportar ideas sobre a área de comunicación e sobre o propio proxecto de As Corcerizas.



Encontro de socios/as e voluntarios/as de Amigos da Terra

Nos días 24 ao 26 de setembro celebramos no centro o encontro no que cada ano reunímonos socios/as e voluntarios/as de **Amigos da Terra**.

Ademais de rematar as tarefas pendentes, coma aplicar os silicatos á parede de barro, dar aceites ás madeiras do comedor e da aula, ou limpeza na balsa de macrofitas, tamén houbo espazo para novas creacións por parte dos/as participantes no equipamento, coma a instalación dun baño seco.

Ademais de rematar as tarefas pendentes, coma aplicar os silicatos á parede de barro, dar aceites ás madeiras do

O principal obxectivo deste encontro, non foi soamente traballar nas diferentes tarefas que se plantexaron, senón que o máis importante para nós foi dar a coñecer en profundidade o proxecto de As Corcerizas, e mostrar a súa dispoñibilidade para aquelas persoas que queiran e podan colaborar nel.

Pero coma non todo foi traballar, estivemos coas pandeiretas e as nosas cantigas animando as noites da serra e preparando todo para o domingo facer a ruta ao Bidueiral de Montederramo, onde a parte de gozar da paisaxe, puidemos observar a unha parella de aguias reais.

6. SERVIZO DE ALBERGUE

A función do albergue de As Corcerizas non se basea soamente en proporcionar un servizo de aloxamento de calidade, se non que o seu fin último segue sendo educar ambientalmente desde a experiencia vivida.

Por esta razón, este ano fíxose un esforzo especial de difusión do servizo, promocionando as pontes e outros festexos do ano. Froito destas propostas, ademais da ocupación xerada das actividades descritas, houbo varios grupos que responderon a outros intereses:

- Celebración do día das Letras Galegas
- Celebración de 2 magostos: asociación de Seixalbo e grupo de veciños/as do entorno
- Grupo de alberguistas de Vilar de Barrio, Xinzo e Ourense na ponte dos santos
- Fin de semana de alberguistas do clube de atletismo de Lalín
- Grupo de meditación Zen de Ourense



7. DIFUSIÓN, PUBLICACIÓNS E PARTICIPACIÓN EN EVENTOS

A traxectoria da Asociación, a coherencia e singularidade do proxecto de As Corcerizas, así como a nosa maior atención aos aspectos de comunicación, dan como resultado no día a día unha maior presenza do proxecto nos diferentes eidos nos que destaca: enerxía, bioconstrución, residuos, consumo responsable e agricultura ecolóxica, educación ambiental, etc.

Un punto destacable a nivel de difusión este ano é a creación da nova Web de As Corcerizas, con novo deseño, contidos e aplicacións, o que permite a mellor proxección do noso traballo e atrae novo público colaborador e participante das nosas actividades.

7.1 Publicacións

Comunicación técnica no III Congreso de Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica en Galicia, organizado polo grupo de investigación en economía ecolóxica e agroecoloxía da Universidade de Vigo do 24 ao 26 de xuño.

Comunicación técnica no CONAMA, Congreso Nacional de Medio Ambiente, macroencontro sobre sustentabilidade celebrado en Madrid do 22 ao 26 de novembro e con máis de 10.000 participantes. A publicación sobre As Corcerizas centrouse no tema Enerxía

Artigo para a revista ECOHABITAR, Bioconstrución, Permacultura y Vida Sostenible, especializada no sector da bioconstrución e referente neste eido. O artigo será publicado no primeiro número do ano 2011

7.2 Conferencias, charlas

- Participación na mesa redonda *Agroideoloxía*, no marco das IV Xornadas de Agroecoloxía de Ourense, celebradas do 20 ao 27 de febreiro e na que asistiron 30 persoas
- III Congreso de Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica en Galicia. Ademais da comunicación escrita houbo unha presentación oral por parte do equipo de As Corcerizas, que contou con 40 asistentes e unha gran aceptación
- Seminario permanente de Equipamentos de Educación Ambiental, celebrado en Oleiros do 6 ao 9 de outubro, e organizado polo CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental-Ministerio de Medio Ambiente) e o CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia), no que foi destacable a intervención e a exposición do proxecto de As Corcerizas
- Curso de enerxías *Renova*, 13 de novembro, 10 persoas.
- Feira ecolóxica de Salceda de Caselas. O 17 de outubro fíxose unha ponencia sobre As Corcerizas e en concreto sobre bioconstrución, á que asistiron unhas 25 persoas

7.3 Participación en Feiras e eventos

VII Feira ecolóxica Terr@ctiva, celebrada o 2 e 3 de outubro en Arzúa e pola que pasaron preto de 4.000 persoas. No posto informativo levouse unha exposición do sistema de depuración de augas con plantas, F.M.F. (filtro de macrofitas en flotación) e deuse información sobre a viabilidade dos baños secos.

Encontro da SGEA (Sociedade Galega de Educación Ambiental), centrado este ano na delicada situación que está a sufrir a educación ambiental e sobre todo na busca de solucións

8. CONCLUSIÓNS

As Corcerizas xoga un papel fundamental en Amigos da Terra, como recurso diferenciador con respecto a outras entidades; como elemento integrador e canalizador do traballo da asociación nas diferentes áreas; como elemento transformador real de actitudes na relación das persoas co medio; como ferramenta eficaz de capacitación para a acción desde a experiencia vivida; e como expresión das ilusións e demostración dos ideais dunha asociación ecoloxista con unha forte compoñente de compromiso social.

Paralelamente a este feito evidente para a asociación, atopámonos nun contexto moi distinto pero determinante para a o proxecto. Durante o 2010 desapareceron case por completo as subvencións e programas financiados anteriormente por parte da administración local e autonómica. Buscáronse novas alternativas de financiamento, pero están moi suxeitas a decisións partidistas e á situación xeral de crise, polo que

continuamos traballando na liña autosuficiente, un reto dificultoso e lento para as necesidades actuais do proxecto.

A pesar das dificultades, conseguiuase pechar o ano en positivo, logrando un importante obxectivo entre os plantexados no plan definido a principios do 2010.

A nivel estatal melloramos na comunicación e no traballo en rede coa sede de Amigos da Terra, e iniciáronse novas relacións con outras entidades, co obxectivo de dar comezo a actividades en conxunto. Tamén abrimos a liña europea e iniciamos as relacións con FOEE, Amigos da Terra Europa.

En canto ás actividades que se levaron a cabo, tiveron unha valoración moi positiva, as avaliacións por parte de nenos/as e persoas adultas foron das mellores. O grande esforzo que a Asociación leva feito e fai por mellorar o equipamento e desenvolver unha programación sólida en constante coherencia cos seus valores e principios, foi altamente valorada polos centos de persoas que cada ano pasan polo Centro. A liña formativa continúa despuntando, consolidando o proxecto como un referente en formación de calidade, innovando con novas propostas e colaboradores/as e mantendo as actividades constantes de cada ano.

Continúa medrando o número de persoas que contactan con nós de xeito indirecto, recibindo solicitudes de información sobre a programación formativa e aumentando dun xeito destacado o éxito de convocatoria en xeral. O incremento do número de persoas subscritas á lista de información-comunicación de As Corcerizas, a creación da nova web, a participacións en foros, charlas e publicacións ao longo destes anos e o feito de comezar a empregar a nosa proxección estatal contribuíron a esta mellora na comunicación.

O ano 2010 foi un ano difícil para a Educación Ambiental en xeral, pero a base social que nos avala como asociación e a nosa propia experiencia abálanos para continuar traballando en coherencia cos noso principios e valores, cara unha sociedade máis respectuosa co medio, xusta e solidaria.

ASESORÍA XURÍDICA

1. INTRODUCCIÓN

Para **Amigos da Terra** a preocupación polo progresivo deterioro do estado e calidade do medio ambiente e os seus efectos para a vida humana e o resto de especies que habitan o planeta, ten como consecuencia o esforzo lexislativo dirixido a regular, limitar ou condicionar as actividades e condutas susceptibles de contribuír a dito deterioro.

As distintas iniciativas reguladoras adoptadas durante estes anos, deron lugar a esforzos de carácter xurídico tendentes á protección do medio ambiente. O dereito ambiental é un ordenamento puntero na incorporación de novas técnicas, no que se perciben de modo acusado aqueles cambios, dada a crecente sensibilidade social polos problemas ambientais. O medio ambiente é un ben común e colectivo, cunha gran fragilidade e difícil reparabilidade, que esixe a intervención de todos e todas para a súa conservación.

Trátase por elo dun sector especialmente sensible á necesidade e valor da participación social, xa que a cidadanía ten un papel destacado na protección ambiental. A sociedade civil atopa nos problemas ambientais ameazas serias para a súa saúde e a súa supervivencia como sociedade a longo prazo, asumindo a posibilidade de introducir reformas ou cambios institucionais capaces de enfrontar os devanditos riscos. Percíbese que existe unha relación entre a acción humana e o problema ambiental que xera responsabilidade e sendo o problema ambiental froito das actividades do home, é posible regulalo.

O dereito ambiental regula polo tanto, relacións humanas que teñen ao ambiente como campo de batalla. É necesario identificar as fontes ou causas dos riscos ambientais e os efectos ou impactos que xeran ou poderían xerar, de tal maneira que podamos contar coa información que nos permita decidir adecuadamente sobre os mellores medios para alcanzar as metas de protección ambiental.

A protección do medio ambiente é unha garantía constitucional xa que tanto as administracións como a sociedade teñen a obriga de preservar o medio ambiente porque a todos nos afecta como colectividade. Calquera cidadán ten dereito a denunciar uns feitos e a demandar a reparación do dano cando afecte ao medio ambiente.

Por todo isto, para **Amigos da Terra** a protección do medio ambiente converteuse nunha preocupación cuxo fin é evitar o deterioro dos ecosistemas a través de instrumentos de análise e previsión que lle permita ser máis eficaz. As normas xurídicas de protección ambiental proliferan cada día construindo unha barreira en moitos casos, infranqueable para o cidadán. A principal tarefa da asociación é quebrar esa barreira e achegar a protección xurídica do medio ambiente á sociedade en xeral xa que só así poderemos crear unha rede de traballo para a defensa do ambiente.

2. EDUCACIÓN AMBIENTAL

Ao longo destes últimos meses e con motivo da presentación do informe “*Oportunidades para una ley de Cambio Climático en España basada en presupuestos de Carbono*” elaborado por Amigos de la Tierra, leváronse a cabo distintas accións co fin de promover o compromiso político de cara a fixar uns límites de redución de emisións e o establecemento de sancións para quen exceda de ditas limitacións.

A proposta baséase na creación dun marco legislativo xeral en todo o Estado e unha normativa rexional que supón estudar medidas concretas para a redución das emisións de gases contaminantes que se adapten á situación de cada rexión. Neste contexto a asesoría xurídica de **Amigos da Terra** fixo un estudo do marco legal do mercado de gases de efecto invernadoiro:

Elaboración do Informe “*Réxime xurídico do mercado de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro en España*”

3. SENSIBILIZACIÓN

A asesoría xurídica aposta pola sensibilización e información ambiental, como pezas crave na consecución do obxectivo de integración das políticas ambientais en todas as políticas sectoriais, coa meta última de promover o desenvolvemento sostible. Aínda que é moi importante a responsabilidade que deben asumir as institucións na protección e mellora do medio ambiente, é tamén moi necesaria a labor que a sociedade pode realizar. E neste senso, o primeiro paso para conseguir desenvolver no cidadán condutas respectuosas co medio ambiente é dar a coñecer a situación actual do problema, facilitándolle información sobre as contribucións á preservación do medio ambiente desde a responsabilidade compartida. O consumo racional dos recursos naturais pasa por unha concienciación previa, que axude a cambiar as pautas de comportamento entre a cidadanía; e pola asimilación dun medio ambiente que nos concirne a todos, e que afecta a todos os sectores incluído o xurídico.

Por iso, **Amigos da Terra** fomenta e participa en espazos abertos á cidadanía e a outras organización co fin de contribuír nas políticas medioambientais de Galicia:

- Xuntanza en contra dos Campionatos provinciais e o Campionato estatal de caza de raposo en Galicia.
- Xuntanza en contra das Xornadas do AVE ao seu paso por Ourense coa presenza do Ministro de Fomento.
- Xuntanza coa Fiscal de medio ambiente de Ourense polo cumprimento da Lei de responsabilidade ambiental.
- Charla polo Día Internacional dos Dereitos dos Animais en Pontevedra.
- Programa de concienciación e sensibilización *Ecovixías*: a cara menos amable dos roteiros ambientais: agresións ao contorno que deben denunciarse (Lagoa de Antela na Limia, as Fragas do Eume, a Ribeira Sacra).

3. FORMACIÓN

A asesoría xurídica promove unha formación especializada para aqueles cidadáns que desexen adquirir ou ampliar coñecementos teóricos-prácticos relacionados co campo xurídico-ambiental mediante a realización de actividades en determinadas áreas que permiten unha especialización profesional.



Ao longo do pasado ano celebráronse distintas xornadas de formación:

- *Xornada Dereito Ambiental en Vigo.* Orixe e necesidade dunha regulación en materia ambiental.
- *Xornada Dereito Ambiental e Urbanístico en As Corcerizas (Ourense).* Coñecementos xurídico-ambientais especializados, impartidos nun contorno regulado e protexido polas normas ambientais europeas.
- *Xornada Dereito Ambiental en Fuenlabrada (Madrid).* A parte educativa da materia xurídica e medioambiental. *Ecovixías e xogos de rol.*
- *Xornada Denuncia Ambiental en Ourense.* Como elaborar unha denuncia, ante quen presentala, cando presentala e as súas repercusións.
- *Xornada Denuncia Europea en As Corcerizas (Ourense).* Cada un dos Estados membros que integran a Unión Europea poden dirixirse á mesma para protexer o medio ambiente a través dunha canle común: a Comisión Europea.
- *Oferta de Xornadas a institucións sobre dereito e denuncia ambiental.* A través desta oferta dirixida aos membros de administracións e doutras institucións públicas ou privadas, poden adquirir formación xurídico-ambiental co obxectivo de, por un lado sensibilizar e concienciar a políticos, técnicos e funcionarios cun papel relevante na protección do medio ambiente e, doutra banda, que dito persoal poida outorgar unha información especializada ao cidadán que se achegue a ditas institucións. Neste caso os concellos do ámbito rural foron os receptores prioritarios da oferta.

4. PRESIÓN POLÍTICA

4.1 Denuncias

As denuncias son a ferramenta a través da cal se pon en coñecemento da autoridade competente todo aquilo que sexa susceptible de danar ao contorno natural e que puidera devir nunha agresión ao medio ambiente. **Amigos da Terra** aumentou o número de denuncias tramitadas en algo máis dun 50% con respecto ao ano 2009:

TEMA	FEITOS	PROVINCIA	CONCELLO	ÓRGANO COMPETENTE
AUGAS	Vertedura río Barbaña	Ourense	Ourense	Confederación Hidrográfica Miño-Sil
AUGAS	Vertedura río Barbaña	Ourense	San Cibrao das Viñas	Xulgado contencioso-administrativo
AUGAS	Vertedura río Támega	Ourense	Verín	Confederación Hidrográfica del Duero, Concello, Consellería de Medio Ambiente
AUGAS	Estudo caudais ecolóxicos	Galicia	Galicia	Augas de Galicia
AUGAS	Rexenarión praias	A Coruña	A Coruña	Concello, Demarcación de Costas
CONSTRUCCIÓN	Proxecto xeotérmico	Ourense	Baños de Molgas	Consellería de Industria
CONSTRUCCIÓN	Conservación patrimonio (muralla)	Ourense	Verín	Dirección Xeral Patrimonio Cultural
CONSTRUCCIÓN	Encoro	Lugo	Navia de Suarna	Confederación Hidrográfica Cantábrico
CONSTRUCCIÓN	Minicentral	Lugo	Ribeira de Piquín	Confederación Hidrográfica Cantábrico
CONSTRUCCIÓN	Planta residuos obra	Ourense	Morgade (Xinzo de Limia)	Consellería de Medio Ambiente
CONSTRUCCIÓN	Empresa cementeira	Ourense	Lobeira	Consellería de Medio Ambiente, Consellería do Medio Rural
CONSTRUCCIÓN	Empresa cementeira	Ourense	Lobeira	Consellería de Medio Ambiente. Recurso de Alzada
CONSTRUCCIÓN	Empresa cementeira	Ourense	Lobeira	Concello
CONSTRUCCIÓN	Empresa asfáltica	Ourense	Toén	Consellería de Medio Ambiente
CONSTRUCCIÓN	Empresa asfáltica	Ourense	Toén	Consellería de Medio Ambiente. Recurso de alzada
CONSTRUCCIÓN	Empresa asfáltica	Ourense	Toén	Concello
CONSTRUCCIÓN	Estrada nacional	Ourense	Ourense	Consellería de Medio Ambiente

TEMA	FEITOS	PROVINCIA	CONCELLO	ÓRGANO COMPETENTE
EXPLOTACIÓNS	Transxénicos	España	España	Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino
EXPLOTACIÓNS	Transxénicos	A Coruña	Mesía	Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino e Consellería do Medio Rural
EXPLOTACIÓNS	Transxénicos	Galicia	Galicia	Fiscalía de medio ambiente
EXPLOTACIÓNS	Explotación mineira	Ourense	Xinzo de Limia	Consellería de Industria
FAUNA	Canceira municipal	Ourense	O Carballiño	Xulgado de Instrucción. Denuncia penal
FAUNA	Parque zoolóxico	Pontevedra	Vigo	Concello, Consellería do Medio Rural, Parlamento Europeo, Comisión Europea
FAUNA	Equinos trabados	Ourense	Rairiz de Veiga	Seprona
FAUNA	Cans abandonados	Ourense	Verín	Concello
FAUNA	Campionatos fauna	Pontevedra	Pontevedra	Subdelegación de goberno
FAUNA	Parque zoolóxico	Pontevedra	Vigo	Valedor do pobo
FAUNA	Espectáculos con touros	Ourense	Muíños	Consellería de Medio Ambiente, Consellería do Medio Rural, Subdelegación de goberno, Consellería de Presidencia
FAUNA	Espectáculos con touros	Ourense	Muíños	Consellería do Medio Rural. Recurso de alzada
FAUNA	Equinos trabados	Lugo	Meira	Seprona
FAUNA	Fauna protexida	A Coruña	Oleiros	Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, Ministerio de Fomento
FAUNA	Parque zoolóxico	Pontevedra	Vigo	Concello

TEMA	FEITOS	PROVINCIA	CONCELLO	ÓRGANO COMPETENTE
FLORA	Roteiros 4x4	Ourense	Montederramo	Seprona, Subdelegación de goberno, Servizo de Montes
FLORA	Escalada	Ourense	Barco de Valdeorras	Consellería do Medio Rural
FLORA	Talas	A Coruña	Arzúa	Consellería do Medio Rural
FLORA	Probas todoterreos	Ourense	Xinzo de Limia	Consellería de Presidencia
PURINS	Balsas	Ourense	Castrocaldelas	Consellería do Medio Rural, Consellería de Sanidade, Fiscalía
RESIDUOS	Abandono residuos	Lugo	Cervantes (Ancares)	Concello, Seprona
RESIDUOS	Lixo esporexido	A Coruña	Arzúa	Concello
RESIDUOS	Informe ambiental SOGAMA	Galicia	Galicia	Consellería de Medio Ambiente
RESIDUOS	Lixo esporexido	A Coruña	Culleredo	Concello
UNIÓN EUROPEA	Probas 4x4 zona ZEPA	Ourense	A Limia	Seprona, Consellería de Medio Ambiente
UNIÓN EUROPEA	Participación Consello Europeo medioambiente	Galicia	Galicia	Consellería de Medio Ambiente

4.2 Alegacións

As alegacións son un dos poucos instrumentos a disposición da cidadanía para expór os seus argumentos sobre decisións públicas que poden afectar ao medio ambiente. **Amigos da Terra** aumentou o número de textos alegados nun 50% con respecto ao ano 2009:

FEITOS	PROVINCIA	CONCELLO
Construción parking	Ourense	Ourense
Canceira municipal	Ourense	O Carballiño
Aproveitamento hidroeléctrico	Ourense	Entrimo-Lobios
Central hidroeléctrica reversible	Ourense	As Conchas
Aproveitamento hidroeléctrico	Lugo	Navia de Suarna
Minicentral hidroeléctrica	Lugo	Ribeira de Piquín
Aumento caudal central hidroeléctrica	Lugo	Navia de Suarna
Explotación mineira	Pontevedra	Fornelos de Montes

FEITOS	PROVINCIA	CONCELLO
Directrices Ordenación Territorio (DOT)	Galicia	Galicia
Plan Ordenación Litoral (POL)	Galicia	Galicia
Catálogo Especies Ameazadas	España	España
II Informe Aarhus	España	España
II Informe cumprimento por España do Convenio de Aarhus	España	España

4.3 Información xurídica

A información xurídica é clave para o desenvolvemento das actuacións anteriores por parte da cidadanía. A asesoría xurídica recompila, organiza e difunde información sobre medio ambiente. **Amigos da Terra** deu asesoramento de xeito verbal ou escrito a 27 cidadáns:

FEITO	PROVINCIA	CONCELLO
Instalación empresa refrixeración	Pontevedra	Gándaras de Budiño
Recheos porto	Pontevedra	Vigo
Tala árbore	Pontevedra	Vigo
Contaminación río	Pontevedra	Pontevedra
Construción A-57	Pontevedra	Redondela
Maltrato animal en establecementos de venta	Pontevedra	Pontevedra
Colocación colector no río	Pontevedra	Pontevedra
Recheos porto	Xixón	Xixón
Residuos fosa séptica	Sevilla	Sevilla
Puríns	Ourense	Amoeiro
Cans abandonados	Ourense	Verín
Plan Ordenación Recursos Naturais (PORN)	Ourense	A Lastra
Impacto todoterreos	Ourense	Montederramo
Planta de residuos de construción	Ourense	Xinzo de Limia
Maltrato animal en establecementos de venta	Ourense	A Valenzá
Lixo	Ourense	Pereiro de Aguiar
Canteira	A Coruña	Fragas do Eume
Canteira	A Coruña	A Coruña
Simulacros en espazos naturais	A Coruña	Oleiros
Lexislación sobre transxénicos	A Coruña	Santiago de Compostela
Lei do Solo	Galicia	Galicia
Transxénicos	Galicia	Galicia

FEITO	PROVINCIA	CONCELLO
Como presentar alegacións	Xeral	Xeral
Construción urbanización	Barcelona	Hostalets de Piernola
Planta formigón zona residencial	Córdoba	Córdoba
Construcións uso amianto	Madrid	Madrid
Construcións en montes públicos	Asturias	Tineo

4.4 Traballo en Rede

O traballo en rede mellora a coordinación para a protección do medio ambiente. Colaborando con outras entidades cumprimos mellor este obxectivo. Unha maior capacidade e recursos redonda en poder plantexar proxectos máis ambiciosos crecendo a influencia, o impacto e a proxección social de **Amigos da Terra**:

- *Rede de Avogados para a Defensa Ambiental (RADA)*. Cumpríronse dous anos desde o nacemento da rede e tempo no que Amigos da Terra ven colaborando a nivel xurídico co resto de avogados do estado español en materia ambiental (sumando xa os 45 membros). Celebrouse a 2ª asemblea o pasado mes de novembro en Madrid. Algúns dos traballos máis importantes feitos pola Rede baséanse no envío de escritos á Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea que está levando a cabo unha política medioambiental nefasta e, na maioría dos casos, con actuacións pouco transparentes e reprochables. Así mesmo, estreouse o novo blog da Rede coa intención de ser unha ferramenta aberta ao público do traballo da RADA. <http://redabogadosdefensaambiental.es/>
- *Fundación Xurídico-Ambiental*. En abril oficializouse esta entidade que ten como tarefa a defensa xurídica do medio ambiente en Pamplona. O obxectivo deste convite foi a presentación do traballo da asesoría xurídica de Amigos da Terra aos membros e ao padroado da Fundación e co fin de avaliar as posibles liñas de colaboración futura e asesoramento mutuo. <http://www.fundacionsustrai.org/>
- *Sociedade Galega de Educación Ambiental*. O mapa de recursos de educación ambiental en Galicia: unha ferramenta para a planificación. A asesoría xurídica de Amigos da Terra colabora neste documento que integra información xeográfica, social e educativa. <http://www.sgea.org/>
- *Amigos de la Tierra*. Traballo de asesoramento xurídico e n eidos moi específicos: os organismos modificados xeneticamente, o cambio climático e a súa regulación e a Participación e Voluntariado como símbolo do compromiso social da actualidade. <http://www.tierra.org/spip/>

- *Libera!, Protectora Os Palleiros e Matar por Matar, Non!*. A necesidade de crear novas normas de defensa dos dereitos animais como a lei de protección animal ou a lei de caza de Galicia fan destas organizacións o seu denominador común con Amigos da Terra. Mediante reunións débátese as canles para artellar un xeito de incluír a protección legal dos animais entre as prioridades de políticos e cidadáns. <http://www.liberaong.org/>. <http://matarpormatarnon.org/>. <http://www.ospalleiros.org/index.php>
- Rede *Galicia Non Se Vende*. Máis dunha trintena de colectivos galegos integran esta rede. Amigos da Terra leva a cabo labores de asesoramento na Rede e outras actividades reivindicativas conxuntas. <http://galizanonsevende.org/>

4.5 Participación pública activa

Unha das premisas básicas sobre as que se asenta o traballo da asesoría xurídica consiste en implementar os contidos do Convenio de Aarhus trasposto ao ordenamento xurídico español a través da Lei 27/2006, do 18 de xullo, de acceso á información ambiental, participación pública e acceso á xustiza.

Isto na práctica tradúcese na participación activa que Amigos da Terra exerceu na elaboración dos plans hidrográficas galegos, o de costa e o da demarcación Miño-Sil. É a fase na que os axentes implicados na protección do medio ambiente temos a facultade de facer aportacións e reivindicar postulados que, doutro modo, habería que facer na fase de alegacións cando o documento está previo a súa aprobación final. Igualmente, levouse a cabo este proceso coa participación no II Informe da Aplicación de Aarhus en España.

4.6 Comunicación

Páxina web e Medios de comunicación (45 notas á web; 10 notas á axenda; 23 notas aos medios)

Feitos:

Contaminacións: río Barbaña, actividades industriais, uso vehículos en espazos naturais protexidos, río Támega, puríns, EDARs. Provincia destacada: Ourense

Construcións: plantas de residuos, aproveitamentos hidroeléctricos, recheos portuarios, escombrecas de canteiras, construción de autoestradas. Provincia destacada: Ourense, Pontevedra e Lugo.



Explotacións: explotacións mineiras. Provincias destacadas: Ourense e Lugo.

Fauna: caza, parques zoológicos, espectáculos, canceiras, maltrato, abandonos. Provincias destacadas: Ourense e Pontevedra.

Flora: actividades prohibidas en espazos naturais, forestal. Provincia destacada: Ourense.

Información pública: transxénicos, verteduras a ríos, caudais ecolóxicos de ríos, residuos, contaminacións, construcións. Provincia destacada: todas.

Lexislación: Directrices de Ordenación do Territorio, modificación normas animais, Protección Medio Marino, Economía Sostible, Fiscalidade Ambiental, Augas.



Participación pública: Plan Hidrológico Galicia-Costa, Plan Hidrológico Miño-Sil; Estudos de Impacto Ambiental (suxerencias). Provincias destacadas: todas.

Avaliación informes xurídicos:

- Memoria da Fiscalía de Medio Ambiente e Urbanismo 2009
- Informe resultados Valedor do Pobo 2009

5. CONCLUSIÓNS

A asesoría xurídica conságrase como un dos distintivos de **Amigos da Terra** por canto presenta un servizo gratuito e especializado nun eido de recente tratamento entre políticos, gobernantes e os propios xuristas. Por iso é un factor determinante á hora de promover condutas conservacionistas ligadas a un marco xurídico que debe nacer para garantir a conservación do medio ou ben un marco que debe ser respectado con fin de frear ilegalidades ambientais.

Cada ano supón un avance salientable para a protección xurídica de Galicia a través do servizo de **Amigos da Terra**. O dereito de todo habitante a un ambiente san, equilibrado, apto para o desenvolvemento humano, á vez que se impón a cargo das autoridades o deber de prover a súa protección, á utilización racional dos recursos naturais, á preservación do patrimonio natural e cultural e da diversidade biolóxica, e á información e educación ambientais.

Entre os obxectivos principais da asesoría está o de promover a participación do sector social outorgando un enfoque multidisciplinar e transversal ao desenvolvemento de bases normativas, informes, proxectos e plans de accións na procura de solucións fronte a problemáticas ambientais.

Conforme aos principios do noso ordenamento xurídico-ambiental, a educación ambiental e o sistema de diagnose e información ambiental, constitúen instrumentos da política e da xestión ambiental, motivo polo cal resulta esencial difundir os resultados de todos os traballos realizados pola asesoría e reflexados neste

documento como resultado en gran parte, da colaboración social daqueles que fan posible a perdurabilidade deste servizo: socios e socias, voluntarios e voluntarias, colaboradores e persoal técnico de **Amigos da Terra**.

SERVIZO DE VOLUNTARIADO

Servizo de Voluntariado Local

1. INTRODUCCIÓN

En **Amigos da Terra**, queremos recoñecer a importancia e necesidade do voluntariado e sabemos das grandes utilidades que pode aportar á sociedade en xeral, así como ao medio ambiente. Dende o servizo de voluntariado nos encargamos de xestionar, coordinar e fomentar a participación do voluntariado nos proxectos e actividades da asociación, co fin de fortalecer as diferentes áreas e para intentar conseguir aumentar a base social.

Ao longo de o ano 2010, foi precisa a colaboración do voluntariado nas diferentes campañas organizadas dentro das áreas.

Entre estas campañas podemos citar:

Campaña “Axuda a vivir: doa sangue e planta unha árbore”

Campaña SOS Clima

Campaña Zonas Libres de Bolsas

Campaña Pobreza Cero

Así mesmo, aparte das distintas áreas nas que se pode participar con voluntariado dun xeito presencial, tamén temos que mencionar a colaboración das persoas voluntarias para a realización de tarefas virtuais, coma a difusión de ciberacións ou a tradución de textos de temáticas ambientais ao galego do castelán ou do inglés/francés, e que nos axudan a levar a cabo os nosos proxectos.

Finalmente, para poder dar a coñecer os nosos proxectos e fomentar a participación do voluntariado, procuramos aportar información actualizada sobre os programas nos que pode colaborar o voluntario, en diferentes páxinas webs e portais específicos como por exemplo:

www.voluntariadogalego.org

www.hacesfalta.org

www.socialia.org

www.rix.org

2. EDUCACIÓN AMBIENTAL E SENSIBILIZACIÓN

2.1 Programa de ecovixías

Trátase dun programa de vixilancia ambiental, no que voluntarios e voluntarias patrullan por distintas rutas, zonas de interese ambiental de Galicia en busca de infraccións ou delitos ambientais, como poden ser vertedoiros incontrolados, vertidos nos ríos, incumprimento do caudal ecolóxico, talas ilegais de árbores, extraccións ilegais en canteiras, maltrato animal, etc.



Nestas rutas se recolle documentación gráfica dos feitos e se toma nota, coa axuda dun GPS, da localización exacta da infracción, que posteriormente se pasa ao servizo de asesoría xurídica, encargado de darlle forma e convertelas en denuncias.

Toda a información recollida nas saídas, se traslada coa maior celeridade á administración correspondente (Concello, Confederación Hidrográfica, Consellería de Medio Ambiente, etc) para que esta actúe en consecuencia, tanto sancionando ao posible infractor como restaurando a zona afectada.

Así mesmo, a través destas saídas de ecovixías, tratamos de favorecer a participación social, por medio de persoas voluntarias comprometidas e interesadas na protección do medio ambiente.

Durante este ano, tivemos tres saídas a diferentes zonas da xeografía galega. A primeira ecovixía foi na Lagoa de Antela (Xinzo de Limia, Ourense); a segunda na zona da Ribeira Sacra e os Canóns do Sil, unha zona incluída na Rede Natura 2000, (Nogueira de Ramuín, Ourense), e a terceira, no Parque Natural de Fragas do Eume (Pontedeume, A Coruña).

3. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN, PUBLICACIÓNS E PARTICIPACIÓN EN EVENTOS

Con motivo da celebración de diversas efemérides e eventos de carácter medioambiental, organizamos a conmemoración dos mesmos. Destacan as seguintes datas:



Día Internacional das Zonas Húmidas: 2 de febreiro

Día Forestal mundial: 24 de marzo

Día da Terra: 22 de abril

Día Mundial do medio ambiente: 5 de xuño

Día contra as bolsas de plástico: 2 de xullo

Día Internacional dos dereitos dos animais: 12 de decembro

Así mesmo, participamos en diferentes Feiras ao longo do ano, nas cales estivemos presentes cun posto no que se informaba aos asistentes sobre os proxectos que estamos a desenvolver e nos que tamén participa o voluntariado de **Amigos da Terra**. Entre os eventos aos que asistimos podemos mencionar os seguintes:

Feira Bioterra en Carballiño, Ourense, celebrada do 5 ao 6 de xuño.

Feria Alternalia en Moaña, Pontevedra, celebrada do 25 ao 27 de xuño.

Festival Entreculturas en Marín, Pontevedra, celebrada do 8 ao 11 de xullo.

Terractiva en Arzúa, A Coruña, celebrada do 2 ao 3 de outubro.

Foro de ONGD en Vigo, celebrado o 20 de novembro.

3.1 Xornadas de Voluntariado

Ademais, asistimos a unhas Xornadas de voluntariado na asociación ATOX de Ourense e tamén colaboramos con outras entidades de carácter ambiental e social como Amencer, A Esmorga, Casa da Xuventude, Oficina de Voluntariado do Concello de Ourense, e a Oficina de Voluntariado e Integración da Universidade de Vigo, para promover e difundir as actividades de voluntariado de **Amigos de Terra**.

3.2 Encontro Anual de Voluntariado

No mes de setembro celebramos en As Corcerizas o Encontro Anual de Voluntariado, co obxectivo de conmemorar o “Día Internacional do Voluntariado” e mostrar o noso agradecemento as persoas voluntarias que colaboran con nós. Estivemos compartindo unhas xornadas lúdicas e de traballo, no que realizamos tarefas de mantemento das instalacións, reparacións das balsas de macrofitas, construción dun baño seco, e terminamos cunha andaina polo Bidueiral de Montederramo.

Por último, estívoase colaborando cos responsables de voluntariado de “Amigos de la Tierra” a nivel estatal, a través do traballo en rede, para tratar de propor accións conxuntas e estar en coordinación entre os diferentes grupos locais de Amigos de la Tierra. Froito deste traballo en rede organizouse no mes de outubro o I Encontro Estatal de Voluntariado de Amigos de la Tierra, que tivo lugar en El Escorial (Madrid). Este encontro converteuse nun espazo para a reflexión, o intercambio de experiencias e a convivencia dos voluntarios/as dos diferentes grupos locais, no que estivemos compartindo inxerencias, motivacións e expoñendo ideas de como colaborar e como estar en contacto en rede a través dunha nova plataforma de voluntariado por internet.



4. CONCLUSIÓNS

Desde **Amigos da Terra**, destacamos a importante labor de todas aquelas persoas que colaboran e se implican na nosa organización. Por elo, consideramos de gran valor a participación do voluntariado nas diferentes actividades, proxectos e campañas, que nos axudan a levar a cabo nosa misión para mellorar e cambiar a realidade ambiental e social.

Servizo de Voluntariado Europeo

1. INTRODUCCIÓN

Amigos da Terra ven participando dende o ano 2000 no “Programa Xuventude en Acción” da Unión Europea, desenvolvendo diferentes iniciativas dirixidas aos mozos e mozas de 18 a 30 anos, especialmente dentro do ámbito do Servizo Voluntario Europeo.

O Servizo de Voluntariado Europeo (EVS) é unha iniciativa da Unión Europea que ofrece a posibilidade de participar en proxectos de voluntariados durante un período de seis meses a un ano. Os mozos e mozas poden colaborar nunha entidade de calquera país da Unión Europea desenvolvendo proxectos de temáticas diversas que van desde a protección do medioambiente, ata a integración social, conservación do patrimonio, o desenvolvemento de actividades para a mocidade, realización de actividades culturais, deportivas, etc.



Concibido como un servizo de aprendizaxe no ámbito non formal, o SVE permítelle á xuventude voluntaria mellorar ou adquirir competencias para o seu desenvolvemento persoal, educativo e profesional, así como para a súa integración social. Por iso, o seu principal reto é desenvolver a solidariedade e promover a tolerancia entre a mocidade.

Durante este ano 2010 estiveron colaborando e participando nos diferentes proxectos de “As Corcerizas” e **Amigos da Terra** os seguintes voluntarios: Adam Jaworski de Polonia e Andrea Pauleczki de Hungría. Actualmente contamos con Lucie Allain



de Francia que colabora nas diferentes actividades e campañas no Centro de As Corcerizas.

Dende **Amigos da Terra** tamén actuamos coma organización coordinadora e xestionamos voluntarios de envío. Así, ao longo de todo ano 2010 varias persoas voluntarias, estiveron por toda Europa e xa remataron os seus proxectos en Grecia, Irlanda, Romanía, Bélxica, Eslovenia, Francia, e Reino Unido.

2. FORMACIÓN

Tamén, dentro do Programa Xuventude no mes de xullo organizouse xunto con Amigos de la Tierra España, un seminario de formación que se celebrou no Centro de Educación Ambiental “As Corcerizas” e no que participaron 25 mozos e mozas de Galicia, España, Francia, e Bélxica.

Así mesmo, realizamos tarefas de busca de interlocutores cos que poder colaborar para intercambiar voluntarios, así como tamén facilitar tarefas de difusión e promoción sobre o programa Xuventude mediante conferencias e charlas, para informar aos mozos e mozas interesados sobre as diferentes accións e que poidan participar neste programa.

Ademais, participouse nun seminario de formación sobre o Programa Xuventude celebrado na localidade de Rascafría (Madrid) e organizado pola Axencia Nacional.

3. DIFUSIÓN, PUBLICACIÓNS E PARTICIPACIÓNS EN EVENTOS

Por último, colaboramos na edición da publicación sobre Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude, no que se expuxo unha relación das experiencias das persoas participantes de **Amigos da Terra** no Programa Xuventude.

SERVIZO DE COMUNICACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O servizo de comunicación de **Amigos da Terra** continuou durante o pasado ano a traxectoria iniciada no 2009, logrando uns datos moi similares ao 2009 en case todos os parámetros. Non obstante, aínda que queda moito por facer, e non podemos estancarnos, debemos intentar incrementar a nosa presenza nos medios de comunicación e nas redes sociais.

Non obstante, temos que ser conscientes de que os temas de interese e impacto ambiental teñen un oco moi escaso na axenda dos medios de comunicación na actualidade, froito dunha rutina informativa dos grandes medios de comunicación de dar maior relevancia nos seus temarios a asuntos que lles repercutan un beneficio económico, ou que respondan a intereses informativos marcados polo “amarillismo” que está afincado nos últimos tempos ou a política.

De todos os xeitos, para seguir mellorando a nosa comunicación é moi importante que teñamos sempre presente que todo o que facemos é comunicación e que todos/as comunicamos sen querer, polo que, de como sexa esa comunicación dependerá a opinión que a sociedade ten de nós.

2. COMUNICADOS DE PRENSA

No ano 2010, as accións do colectivo foron amplamente divulgadas a través da web da asociación, así como nos medios de comunicación co envío de 110 comunicados de prensa, unha cifra lixeiramente inferior á alcanzada no 2009 con 125. Ademais destes canais, estivemos presentes nos medios por medio de entrevistas, colaboracións en radio e televisión, participación en debates e reportaxes.

2.1 As páxinas web

- www.amigosdaterra.net
- www.ascorcerizas.com

Web Amigos da Terra

A páxina web constitúe ou escaparate no que reflectimos todas as accións que se fan dende **Amigos da Terra**, ademais de ser unha fonte de información corporativa e funcionar en certo modo como sala de prensa. Por todo iso, é fundamental actualizala de forma frecuente, se pode ser de forma diaria moito mellor, xa que unha páxina desactualizada ofrece unha imaxe de abandono que non beneficia para nada á nosa imaxe corporativa.

En comparación con outras webs ecoloxistas galegas en **Amigos da Terra** as novas se actualizan case diariamente, converténdose pouco a pouco en referente para a información e a divulgación ambiental e ecosocial.

Ao longo do ano 2010, subimos á páxina web de **Amigos da Terra** un total de 232 notas web, unha cifra moi similar á de 2009 con 233. Estas notas facían referencia tanto aos comunicados de prensa da asociación e algúns dos comunicados de prensa

de Amigos de la Tierra, como a actividades nas que participamos e accións reivindicativas que apoiamos dende a asociación.

Web As Corcerizas

No 2009, renovamos a imaxe da web de As Corcerizas, cun novo deseño e incorporando aplicacións 2.0 que permiten unha maior interacción co noso público obxectivo. A nova web de rexistrou neste 2010 un total de 51 novas subidas dende a súa creación no mes de setembro de 2009.

No referente ás visitas á web de **Amigos da Terra**, contabilizáronse un total de 109.870 visitas no 2010, estando na actualidade en torno ás 30.000 visitas ao mes.

3. REPERCUSIÓN NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

3.1 Prensa escrita

A nosa presenza nos medios escritos durante o 2010 aumentou con respecto ao 2009, cun total de 359 aparicións destacables en prensa escrita, sobre todo en medios galegos. La Voz de Galicia, Faro de Vigo, La Región e El País, foron de novo os xornais que máis eco fixeron das novas de **Amigos da Terra**.

Aparición por áreas:

Asesoría Xurídica

O departamento xurídico aumentou lixeiramente as súas aparicións en prensa, pasando de 108 a 111. As novas con máis repercusión foron as noticias referentes a Vigozoo, tanto pola falta de información ambiental como pola sentenza da Unión Europea. A petición de prohibición das corridas de touros, a irrupción de cazadores na ZEPA de A Limia, e de novo o caso da canceira de O Carballiño, nesta ocasión, pola reclamación de facenda ao Concello dos 250.000 euros concedidos para levar a cabo as reformas.

Cambio Climático

A área de cambio climático se mantivo na liña do 2009, con 25 novas. A máis destacada foi a “Andaina polo clima”, organizada para conmemorar o Día da Terra.

Consumo responsable

Consumo que sufriu unha pequena redución de aparicións co respecto a 2009, pasando de 35 a 28 novas. Os temas que contaron con máis repercusión en prensa foron as xornadas de agroecoloxía e a autorización do cultivo da pataca transxénica.

As Corcerizas

As novas sobre o Centro de Educación Ambiental sufriron un importante descenso pasando de 25 a 13 novas. O equipamento en si, foi a tema que máis saíu nos medios.

Cooperación

A área de cooperación aumentou a súa aparición nos medios pasando de 41 a 58 novas. As novas referidas á exposición sobre o Golfo de Fonseca e ao Camiño polo Pacto Galego contra a Pobreza foron as que máis repercusión tiveron.

Conservación e usos da terra

Esta área aumentou as súas aparicións en prensa no 2010, pasando de 24 novas a 31 novas. As condolencias polos falecidos no incendio de Fornelos de Montes e a Campaña “Doa sangue e planta unha árbore” foron as que máis repercusión tiveron.

Residuos

A área de residuos se mantivo durante o 2010, con 42 novas respecto ás 44 de 2009. As diferentes accións da campaña contra as bolsas dun só uso, as peticións feitas para acadar o peche de SOGAMA e as referidas ao novo plan de residuos, foron as novas que máis repercusión tiveron no 2010 nesta área.

Voluntariado

Voluntariado se mantivo na mesma liña que no 2009 con 6 novas, o tema máis destacado foron as saídas de ecovixías.

Información Xeral de Amigos da Terra

No referente a información da organización en si, e aqueles temas ambientais que non se engloban noutras áreas, pasamos de 35 novas a 45.

3.2 RADIO

A radio segue sendo un dos medios de comunicación que máis credibilidade ten para o público, polo que é importante que a nosa presenza non se limite só a medios escritos e intentemos facernos oír cada vez máis nos medios radiofónicos.

Non obstante, no 2010 tivemos un descenso das intervencións en radio, baixando a 134 a 103 intervencións en radios galegas e estatais, sendo Onda Cero, Radio Nacional e a Radio Galega, nas que máis intervencións tivemos.

En todo caso, será necesario facer unha análise deste descenso e ver como podemos cambiar este dato negativo e aumentar a nosa presenza nas radios.

Os temas que máis eco tiveron no pasado 2010 foron a campaña de doazón de sangue, a Andaina polo Clima e a campaña de Zona Libre de Bolsas.

Por outra banda, **Amigos da Terra** continuó durante a primeira metade do ano, colaborando con Punto Radio, dentro do espazo “Protagonistas de Ourense”, na sección medioambiental “Punto Verde”. Así mesmo, o grupo comarcal de Pontevedra, comezou unha colaboración semanal en AGARESO Radio.

3.3 TELEVISIÓN

No pasado 2010 tivemos 16 aparicións destacadas en televisión, o dobre do ano pasado, con 8 intervencións. Un reto que nos propoñiamos acadar o pasado ano e que indica que a nosa relación e contactos directos cos xornalistas de televisión mellorou notablemente durante o 2010.

A TVG continúa sendo un ano máis a cadea na que máis saíu Amigos da Terra, aínda que é importante destacar tamén a nosa aparición a nivel nacional nos informativos de Telencinco co tema dos puríns de Castro Caldelas e en Antena 3 co tema dos cabalos trabados.

Así mesmo, colaboramos coa Escola de Imaxe e Son de Vigo, falando sobre as centrais nucleares.

Os temas máis destacados foron a Andaina polo Clima e a Campaña de Zona Libre de Bolsas.

4. COMUNICACIÓN 2.0

A comunicación 2.0 é fundamental hoxe en día, xa que favorece la comunicación bidireccional cos usuarios e, a través das novas redes sociais, podemos conseguir que a nosa mensaxe chegue a moita máis xente da que chegaría a través dos medios convencionais. Ademais, na actualidade é un medio de comunicación moi efectivo para as ONG, xa que permite que a nosa mensaxe chegue sen distorsión, algo que nos sucede ni con a televisión, ni con a radio ou a prensa.

Nestes intres, estamos en pleno proceso para dar o salto a unha plataforma web 2.0, incorporando pouco a pouco pequenos avances.

Avances neste campo:

Facebook e Picassa

No 2009, creáronse espazos como Picassa e Facebook, os cales se utilizan para colgar fotografías, actividades da asociación, apoio a campañas, vídeos, co obxectivo de que o que se faga en **Amigos da Terra**, chegue ao maior número de persoas dun xeito máis próximo e visual.

Un traballo que continuamos durante todo o 2010.

Nestes intres, contamos con 1.072 seguidores en Facebook, unha cifra que non para de medrar, ademais, temos previsto crear un novo perfil en Twitter, outra rede social con moito tirón na actualidade.

AGARESO Radio

O informativo “Mundo verde” é unha plataforma de radio vía internet, coa que facemos un repaso semanal das novas máis relevantes do tecido ecosocial galego en xeral, e de Amigos da Terra en particular.

Estas gravacións se editan en castelán, xa que parte dos seus contidos se engadirán a “Radio Mundo Real”, a emisora de radio vía Internet de cobertura mundial de Friends of the Earth e tamén en AGARESO Radio, que forma parte da rede de emisoras da ONU que emite as 24 horas permanentemente tamén a nivel mundial.

Os programas emitidos pódense escoitar de novo na web de Amigos da Terra, a través de Podcast.

Blogs

Por outra banda, temos previsto poñer en marcha varios blogs que se poderán consultar a través da web. Un blog dedicado a temas xurídicos ambientais e outro a residuos.

GRUPO COMARCAL DE PONTEVEDRA

1. INTRODUCCIÓN

Unha das novidades máis importantes do pasado 2010, foi a inauguración dunha nova sede social na cidade de Vigo en conxunto con AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios). Isto permitiu que o grupo comarcal de Pontevedra, estea máis activo é que participe regularmente en todas as áreas da asociación.

2. SENSIBILIZACIÓN

2.1 Inauguración local de Vigo

Acto de apertura do novo local de **Amigos da Terra** e AGARESO en Vigo, con presenza de autoridades varias, representantes de ONGD, asociacións cidadás e moitos socios e socias e simpatizantes de ambas as dúas organizacións.

2.2 Campañas

Campaña "Zona Libre de Bolsas" no mercado de Redondela en colaboración co grupo comarcal de Redondela.

Campaña: "No Nadal planta unha árbore": Conseguiuse a autorización do Concello e finalmente na tarde do día 23 plantamos un acivro xunto ao poboado castrexo do Castro de Vigo. Esta campaña será internacional en seguintes edicións (nesta volta conseguimos que se uniran varios países á iniciativa).

Campaña: "Indulto para o touro de Mos". Finalmente foi conseguido o indulto e o touro foi cedido á Fundación Altarriba que o trasladou a un terreo que xestionan na Provincia de Barcelona. Aproveitamos esta oportunidade para estreitar relacións e iniciar conversas coa Fundación Altarriba de cara a futuras colaboracións pois teñen en proxecto abrir unha delegación en Galicia.

Campaña: "Outra oportunidade para as árbores de Nadal". Coincidindo co fin das festas de Nadal e o inicio do ano mundial dos bosques lanzamos esta campaña destinada a recuperar ás árbores de Nadal.

3. FORMACIÓN

3.1 Tuneado bolsas de tea

Obradoiro de "tuneado de bolsas da compra". Aproveitamos a partida de bolsas da campaña contra as bolsas de plástico que se imprimiron mal para decoralas artisticamente, camuflando os erros de serigrafía, e facéndoas utilizables



dándolle o valor engadido da exclusividade e personalización.

4. PRESIÓN POLÍTICA

- Campaña de denuncias contra os cepos e trancas dos cabalos. Varias denuncias presentadas e colaboración directa con a policía local do Concello de Marín.
- Sumámonos aos colectivos sociais que reclaman un albergue para as persoas sen teito en Vigo.
- Colaboración coa plataforma Salva o Tren.
- Colaboración cos colectivos A Ría Non Se Vende, e a Plataforma en Defensa da Ría de Vigo.
- Denuncia do incumprimento dos prazos da Unión Europea na construción da nova depuradora de Vigo.
- Nova denuncia contra Vigozoo por incumprimento da normativa comunitaria de núcleos zoolóxicos, coincidindo coa publicación da sentenza da Unión Europea. A denuncia reitérase unhas semanas despois conxuntamente con Proxecto Gran Simio coincidindo co 25 aniversario do asasinato de Diane Fossey.
- Denuncia polo maltrato ás árbores da humanización da Rúa García Barbón de Vigo. Laranxeiras e oliveiras de gran porte foron plantadas en maceteiros dun tamaño insuficiente para a súa supervivencia.
- Participación na Plataforma en Defensa da Serra da Groba.



5. DIFUSIÓN, PUBLICACIÓNS E XESTIÓN

Oferta de espazo no noso local para gardar parte do seu fondo documental ante a inminente perda da axuda para o aluguer do seu local do Instituto de Estudos Vigueses.

5.1 Acondicionamento do novo local

- Busca e acondicionamento do novo local (instalacións eléctricas, informática, mobiliarios, decoración etc).

- Oferta de espazo no noso local para gardar parte do seu fondo documental ante a inminente perda da axuda para o aluguer do seu local do Instituto de Estudos Vigueses.
- Contacto con FAIMEVI (Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo). Propostas de colaboración e nos farán unha avaliación e auditoría enerxética do local de Vigo.
- Xestións para constituír un fondo documental aberto á cidadanía. Solicitudes de publicacións enviadas a Concello de Vigo, Deputación Provincial, Instituto de Estudos Vigueses, Fundación Barrié, etc.

ACTIVIDADES NO 2010

ACTIVIDADES	LUGAR	DATA INICIO	DATA FIN
Campaña Antitransxénicos	Ourense, Allariz, Santiago	01/01/10	31/12/10 continúa
Masa Crítica	Ourense	01/01/10	31/04/10
Campaña Zona Libre de Bolsas	Ourense, Marín	01/01/10	31/12/10 continúa
Campaña Fogares Verdes	Cuntis, Caldas	01/01/10	31/12/10 continúa
Compostaxe doméstica	O Grove, Marín	01/01/10	31/12/10 continúa
Campaña de Nadal: Exención de agasallos - Ciberacción	Ourense	01/01/10	06/01/10
Concurso de Consellos para un Nadal Responsable	Ourense	01/01/10	06/01/10
Presentación de Proxectos de Cooperación de Nicaragua	Ourense	12/01/10	12/01/10
Manifestación contra a caza do raposo	Portomarín -Lugo	24/01/10	24/01/10
Día Internacional das Zonas Húmidas. Saída Ecovixías	Xinzo de Limia - Ourense	06/02/10	06/02/10
Curso de Voluntariado Ambiental	Ourense	02/02/10	05/02/10
Exposición fotográfica Golfo de Fonseca	Ourense	09/02/10	25/02/10
Campaña exención agasallos San Valentín Ciberacción	Ourense	11/02/10	14/02/10
Xornadas de Agroecoloxía	Ourense	20/02/10	27/02/10
Obradoiro de Hortos Urbanos	Oira - Ourense	20/02/10	20/02/10
Redución de residuos	Ourense	22/02/10	22/02/10
Exposición Retratos de Sustentabilidade	Ourense	23/02/10	12/03/10
Documental Earthlings	Ourense	25/02/10	25/02/10
Conferencia Dereito ambiental	Vigo	25/02/10	25/02/10
Banco de sementes	Polvorín - Ourense	27/02/10	27/02/10
Saída Ecovixías Canons do Sil	Ourense	06/03/10	06/03/10
Xornada de Rastros e Sinais	Ourense	13/02/10	14/02/10
Exposición fotográfica Golfo de Fonseca	Maceda - Ourense	08/03/10	04/04/10
Manifestación Galicia Non se vende	Santiago	21/03/10	21/03/10
Campaña "A Hora do planeta"	Ourense	25/03/10	25/03/10
Campaña Axuda a vivir: Dona Sangue e Planta unha Árbore	Ourense	15/03/10	24/03/10
Metodoloxías Científicas para a conservación do medio natural	Ourense	23/03/10	23/03/10

ACTIVIDADES	LUGAR	DATA INICIO	DATA FIN
Día Forestal Mundial Plantación Campaña Axuda a vivir: Dona Sangue e Planta unha Árbore	Ourense	25/03/10	25/03/10
Conferencia sobre voluntariado	Ourense	05/04/10	05/04/10
Obradoiro usos da Auga	Cuntis Pontevedra	07/04/10	07/04/10
Xornadas Xurídicas de Medio ambiente	Ourense	10/04/10	10/04/10
Exposición fotográfica Golfo de Fonseca	Pontevedra	14/04/10	29/04/10
Xornadas da Fundación Xurídico Ambiental	Pamplona	16/04/10	17/04/10
Manifestación Estatal Antitransxénicos	Madrid	17/04/10	17/04/10
Andaina polo Clima	Meirama – Cerceda A Coruña	24/04/10	24/04/10
Curso Comunicación e Cooperación ao Desenvolvemento	Ourense	24/04/10	25/04/10
Saída Ecovixías Parque Natural Fragas do Eume	Pontedeume A Coruña	25/04/10	25/04/10
Exposición fotográfica Golfo de Fonseca	Ferrol A Coruña	03/05/10	30/05/10
Mesa redonda: Conflitos Esquecidos	Ourense	06/05/10	06/05/10
Ruta pola Serra de San Mamede	Ourense	16/05/10	16/05/10
Curso "Recursos prácticos para a educación ambiental no tempo de lecer"	Ourense	29/05/10	30/05/10
Exposición fotográfica Golfo de Fonseca	Santiago de Compostela	01/06/10	30/06/10
II Xornadas de Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente en As Corcerizas	Ourense	05/06/10	05/06/10
Feira Bioterra	O Carballiño	05/06/10	06/06/10
Reunión Consello Forestal	Santiago	09/06/10	09/06/10
Xornadas de Montes Veciñais de Pontevedra	Pontevedra	12/06/10	12/06/10
Obradoiro de mobilidade	Caldas Pontevedra	15/06/10	15/06/10
Curso de Monitores de Educación Ambiental	Fuenlabrada - Madrid	17/06/10	17/06/10
Día contra a contaminación electromagnética	Ourense	24/06/10	24/06/10
Congreso de Agroecoloxía e agricultura ecolóxica	Vigo	24/06/10	26/06/10
Feira Alternalia	Moaña	25/06/10	27/06/10
Obradoiro de mobilidade	Cuntis Pontevedra	30/06/10	30/06/10
Día contra as bolsas de plástico	Ourense	02/07/10	02/07/10
Seminario de cambio climático	Ourense	03/07/10	09/07/10
Campaña Axuda a vivir e planta unha árbore	Ourense	09/07/10	16/07/10

ACTIVIDADES	LUGAR	DATA INICIO	DATA FIN
Festival Entreculturas	Marín	08/07/10	11/07/10
Reunión Planificación hidrolóxica	Vigo	15/07/10	15/07/10
Campaña de sensibilización ambiental nas praias	Marín	29/07/10	27/08/10
Feira Argálica	Cangas	03/08/10	15/08/10
Campo de Traballo Bioconstrución	Ourense	20/08/10	29/08/10
Exposición fotográfica Golfo de Fonseca	Vigo	17/09/10	14/10/10
Día sen coches	Ourense	22/09/10	22/09/10
Encontro de voluntariado	Ourense	24/09/10	26/09/10
Feira Terractiva	Arzúa	02/10/10	03/10/10
Inauguración Local de Vigo	Vigo	09/10/10	09/10/10
Camiño polo pacto contra a pobreza	Sarria, Palas de Rei, Arzúa, Santiago Compostela	11/10/10	16/10/10
Xornadas de rastros e sinais	Ourense	23/10/10	24/10/10
Curso de voluntariado ambiental en As Corcerizas	Ourense	25/10/10	28/10/10
Encontro Estatal de voluntariado de "Amigos de la Tierra"	Madrid	29/10/10	31/10/10
Participación activa no Plan Hidrolóxico Galicia-costa	Vigo	11/11/10	11/10/10
Ruta pola Serra de San Mamede e Bidueiral de Montederramo	Ourense	13/11/10	13/11/10
Xornadas Micolóxicas	Ourense	14/11/10	14/11/10
Reunión RADA	Madrid	19/11/10	20/11/10
Obradoiro de Bolsas de Tela	Vigo	19/11/10	19/11/10
Foro de ONGD	Vigo	20/11/10	20/10/10
Exposición fotográfica Golfo de Fonseca	Lugo	22/11/10	10/01/11
Seminario "Pautas para incluír a sustentabilidade ambiental e o consumo responsable nas ONGD",	Santiago	01/12/10	01/12/10
Programa Fogares Verdes	Cuntis	09/12/10	09/12/10
Día Internacional dos Dereitos dos Animais	Ourense, Pontevedra	10/12/10	10/12/10
Programa Fogares Verdes	Caldas	15/12/10	15/12/10
Participación activa no Plan Hidrolóxico Miño-Sil	Ourense	13/12/10	13/12/10
Campaña Zona Libre de Bolsas en Redondela	Redondela	21/12/10	21/12/10
Operación "Árbore de Nadal"	Vigo	23/12/10	23/12/10

CON QUEN COLABORAMOS NO 2010

- Amigos de la Tierra
- Asociación de veciños “O Polvorín”
- AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios)
- Academia Auria.
- ATOX (Asociación Ourensana de Axuda ao Toxicómano)
- Amarante
- Amencer
- A Esmorga
- ASCEL (Asociación para a Conservación e Estudo do lobo ibérico)
- AXENA (Asociación Xuvenil para o Estudo da Natureza)
- Asociación Micolóxica Os Cogordos
- Asociación Cultural Os Serandeiros de Boborás
- Asociación Veciñal SAN BREIXO de Seixalbo
- Asociación Cultural, Deportiva e Ecoloxista Treze Catorze , Salceda de Caselas
- Bandua Net
- Centro de formación profesional ocupacional de Viveiro (Lugo)
- COAG (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia)
- CEM (Cooperativa de Educación Ambiental)
- CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental)
- Comunidade de Montes de Arnuide
- Cooperactiva

- CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia)
- Concello de Cuntis
- Concello de Caldas
- Concello de Arzúa
- Coordinadora Galega de ONGD
- Casa da Xuventude de Ourense
- Concello de Ourense
- Concello de Pontevedra
- Concello de Santiago de Compostela
- Centro de Transfusión de Sangue de Galicia
- Concello de Oleiros
- Concello Vilar de Barrio
- Concello de Altagracia (Nicaragua)
- Concello de Moyogalpa (Nicaragua)
- Colexio Virxe dos Remedios, Ourense
- Colexio Concepción Arenal, Ourense
- Colexio Divina Pastora, Ourense
- Colexio Amor de Deus de Vigo
- Cluble de atletismo de Lalín
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
- Dirección Xeral de Promoción do Emprego
- Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
- Exército de Nicaragua
- Estudio de Arquitectura Mendizabal y Recuna, S.C.
- FOEE: Bélxica, Reino Unido
- Grupo Scaut-Guía Vasco da Ponte, Ferrol
- Grupo de meditación Zen de Ourense

- G.E.A.S. grupo de estudo dos animais salvaxes
- Guido A. Tomasini, Bioconstrutor
- Instituto de Educación Secundaria do Castro de Vigo
- Instituto de Educación Secundaria A Carballeira, Ourense
- Instituto de Educación Secundaria Ferro Couselo, Ourense
- Instituto de Educación Secundaria 12 de Outubro, Ourense
- Instituto de Educación Secundaria Otero Pedraio, Ourense
- Instituto ECOHABITAR, Bioconstrución, Permacultura y Vida Sostenible
- INPESCA (Instituto Nicaragüense de Pesca)
- Mancomunidade de Montes de Pontevedra
- Ministerio de Ambiente e Recursos Naturales de Nicaragua (MAREMA)
- Oficina de Voluntariado e Integración da Universidade de Vigo
- Oïkos (Asociación de bioconstrución de Francia)
- Policía Nacional de Nicaragua
- Pintor de Quins, pinturas naturais
- Pobos de Arnuide e Rebordechao
- Red Verde, Materiais ecolóxicos para Bioconstrución
- Rede de Permacultura Ibérica Nodo Noroeste
- SGEA (Sociedade Galega de Educación Ambiental)
- Semente
- Teixugo
- Universidade de Vigo
- Verdegaiá

ONDE ESTIVEMOS NO 2010



Redacción:

Analía Moares
Ángel Dorrío
Antón Lois
María Durán
Montse Fdez.
Montse Valencia
Paula Vidal
Judith Sing